

MATERIA  
Xeografía de España

TITULACIÓN  
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

unidade  
didáctica  
**10**

# O sistema urbano. As áreas metropolitanas

**Valerià Paül Carril**

**José Ignacio Vila Vázquez**

Área de Análise Xeográfica Rexional

Departamento de Xeografía

Facultade de Xeografía e Historia

**unidadesdidácticas**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[www.usc.gal/publicacions](http://www.usc.gal/publicacions)

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155467>

**MATERIA: Xeografía de España**

**TITULACIÓN: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **BLOQUE I. INTRODUCCIÓN**

Unidade I. O territorio español desde a perspectiva xeopolítica

Unidade II. A situación xeográfica. España na comunidade internacional

Unidade III. As claves da diversidade xeográfica

Unidade IV. A pluralidade cultural e lingüística

### **BLOQUE II. MEDIO FÍSICO**

Unidade V. O relevo peninsular. A orixinalidade de Canarias

Unidade VI. Os climas

Unidade VII. As augas: sistemas fluviais e recursos hídricos

Unidade VIII. A vexetación

### **BLOQUE III. POBOACIÓN, ASENTAMENTOS E ACTIVIDADES**

Unidade IX. A poboación

#### **Unidade X. O sistema urbano. As áreas metropolitanas**

Os manuais académicos e os estudos dos espazos urbanos españois

O proceso de urbanización e a conformación morfolóxica das cidades

O sistema urbano, as redes de cidades e as áreas metropolitanas españolas

Unidade XI. O rural

Unidade XII. Unha economía terciarizada

### **BLOQUE IV. ORGANIZACIÓN E ORDENACIÓN TERRITORIAIS**

Unidade XIII. Organización política e administrativa

Unidade XIV. A vontade de articulación do territorio a través das infraestruturas.

A procura da corrección dos desequilibrios territoriais

Unidade XV. A ordenación do territorio no Estado das autonomías

Unidade XVI. A complexidade dos espazos naturais protexidos

## **ÍNDICE**

---

### **PRESENTACIÓN**

#### **COMPETENCIAS E OBXECTIVOS**

1. Competencias xerais e básicas
2. Competencias transversais e competencias e obxectivos específicos.

#### **CONTIDOS**

1. Os manuais académicos e os estudos sobre os espazos urbanos españois
2. O proceso de urbanización e a conformación morfolóxica das cidades
3. O sistema urbano, as redes de cidades e as áreas metropolitanas españolas

#### **METODOLOXÍA, RECURSOS E ACTIVIDADES**

#### **AVALIACIÓN**

#### **BIBLIOGRAFÍA**

## PRESENTACIÓN

---

Esta unidade didáctica inclúese dentro da materia de Xeografía de España (6 créditos ECTS), correspondente ao terceiro curso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e que se imparte no primeiro semestre. Dentro do bloque xeral da poboación, dos asentamentos e das actividades da materia de Xeografía de España, o estudo do sistema urbano constitúe un dos aspectos centrais para a comprensión doutros elementos e procesos xeográficos chave de España tales como o espazo rural, a economía, a articulación do espazo a través das infraestruturas de transporte ou a organización territorial. Nunha primeira abordaxe, a aplicación dunha aproximación sistémica permite revisar a traxectoria diacrónica das cidades que actualmente se sitúan en España, entendendo o proceso urbanizador de forma ampla a través de diversas cuestións: como se foron artellando entre elas, cales no pasado tiveron máis relevancia, se algunhas decaeron e por que, se outras emerxeron e as causas de tal desenvolvemento, etc. Complementariamente, isto permite abordar cuestións de espazo interno das cidades que culminan na rápida e intensa dinámica urbanística recente, aspecto ao que se lle dedica máxima atención. Nun segundo momento, o estudo sistémico de carácter sincrónico posibilita a análise dos principais espazos directores do sistema urbano español e as súas implicacións en termos de planificación e de ordenación do territorio. Neste punto, a comprensión da relevancia actual das áreas metropolitanas acada un papel especial. Idealmente, estes dous grandes bloques deben ser tratados cada día nunha sesión expositiva, mentres que o breve apartado inicial dedicado á revisión de manuais e, precisamente, á xustificación desta distribución bipartita non ten por que ser traballada nas aulas de forma directa ou pode consistir, tan só, nunha breve reflexión introdutoria. Finalmente, non se pode perder de vista que esta unidade temática pode constituír unha primeira introdución para as materias de Xeografía Urbana e de Fundamentos de Ordenación do Territorio, que serán abordadas nos seguintes meses do grao.

## COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

---

### 1. Competencias xerais e básicas

As competencias perseguidas con esta materia de Xeografía de España son, por unha banda, de tipo xeral (CX) e básicos (CB), do Grao de Xeografía e a Ordenación do Territorio:

- CX1: Asegurar unha formación xeneralista e de carácter integrado sobre os contidos fundamentais dos diversos ámbitos temáticos da Xeografía, o seu desenvolvemento epistemolóxico e os seus métodos de investigación.
- CX2: Coñecer, comprender e interpretar o territorio.
- CX4: Combinar un enfoque xeneralista cunha análise especializada.
- CX5: Interrelacionar os fenómenos a diferentes escalas territoriais.
- CX6: Explicar a diversidade de lugares, rexións e localizacións.
- CX7: Comprender as relacións espaciais. Valorar os aspectos culturais na súa interpretación.

- CX8: Analizar e interpretar as paisaxes.
- CX9: Xerar sensibilidade e interese polos temas territoriais e ambientais
- CB1: Que o alumnado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2: Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3: Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4: Que o alumnado dea transmitido información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- CB5: Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## 2. Competencias transversais e competencias e obxectivos específicos.

Por outra banda, as competencias transversais (CT) e específicas (CE) da materia de Xeografía de España en relación co grao son as seguintes:

- CT2: Coñecer a diversidade de espazos xeográficos e os aspectos da Xeografía.
- CT3: Coñecer os principios da Ordenación do Territorio.
- CT4: Combinar as dimensións temporal e espacial na explicación dos procesos socio-territoriais.
- CT5: Relacionar e sintetizar información territorial transversal.
- CT8: Ordenar e sintetizar a información.
- CT9: Expor e transmitir os coñecementos xeográficos.
- CE1: Realizar análises integradas do territorio.
- CE3: Utilizar Sistemas de Información Xeográfica.
- CE4: Expresar información cartograficamente.
- CE5: Elaborar e interpretar información estatística.

Os obxectivos específicos desta unidade didáctica son os seguintes:

- Coñecer a diversidade xeográfica dos espazos urbanos e das dinámicas espaciais e temporais dos sistemas urbanos en España.
- Desenvolver a autonomía na realización de análises diagnósticas multi-escalares e diacrónicas dos territorios urbanos.
- Producir, mobilizar e presentar a información xeográfica relativa aos espazos urbanos e ás redes de cidades españolas de xeito crítico.

- Comprender as implicacións das políticas de ordenación de territorio e as estratexias de planificación nos medios urbanos en España.

## CONTIDOS

---

### 1. Os manuais académicos e os estudos sobre os espazos urbanos españois

Unha rápida ollada a catro manuais de Xeografía de España pertencentes a décadas distintas —cuxos capítulos dedicados a temas urbanos están escritos por Capel (1986), Gutiérrez Puebla et al. (1993), Nel-lo (2001) e Quirós e Tomé (2001), estes dous últimos na mesma obra, e Nel-lo (2017)— permite extraer tres observacións para abordar o estudo da Xeografía Urbana de España nun curso de Xeografía de España. En primeiro lugar, o peso dos contidos urbanos foi medrando paseniño. Así, a análise de Capel (1986) non ocupaba nin dez páxinas nun manual de case 500, onde, por comparar, se lle dedicaba máis do dobre do espazo ao poboamento rural e case 50 follas —unha décima parte do total— á agricultura. En troques, Nel-lo (2001) e Quirós e Tomé (2001) achegaron xa cadanseus capítulos nun mesmo manual sobre áreas metropolitanas e o proceso de urbanización, respectivamente, ao mesmo nivel ca outros temas tamén centrais na obra coral; e só Nel-lo (2017), en fin, representa máis dun 10% do derradeiro dos manuais considerados. A pesar de que obviamente se acentuou de 1986 a 2017 o carácter urbano de España, o certo é que o espazo urbano ou a poboación urbana do país non medraron de forma tan espectacular en relación coas décadas pasadas.<sup>1</sup> Máis ben o que aconteceu de 1986 a 2017 foi que a Xeografía lle pasou a prestar maior atención analítica ás cidades, aínda que con certas reservas que Lois (2009) expón axeitadamente.

Unha segunda observación que semella pertinente é relativa aos contidos. Non tanto no primeiro dos libros, mais desde logo nos outros dous seguintes, os aspectos tratados distribúense entre dous núcleos temáticos. Dunha banda, o estudo do sistema urbano español no seu conxunto, é dicir, que rol acadan cada unha das cidades no conxunto e como se interrelacionan entre elas. Da outra, as consideracións relativas ao espazo interno das cidades españolas, é dicir, aos planos, ás morfloxías, ás estruturas, etc. que caracterizan a súa diferenciación interior. En paralelo, unha cuestión que foi gañando importancia, nomeadamente no que fai ao espazo interno das cidades, foi a do urbanismo, é dicir, as políticas dedicadas á xestión e planeamento da cidade, aspecto, este último, que acadou moita relevancia xa en Nel-lo (2017). Sexa como for, desta revisión obtemos a estrutura básica das próximas páxinas: de entrada dedicáronos sobre todo a aspectos claves do espazo interno das cidades e un segundo bloque de contidos porá o fincapé no sistema urbano no seu conxunto.

---

<sup>1</sup> Por ofrecer unhas magnitudes básicas, o 73 % dos 37.683.363 hab. de 1981 vivía en concellos de máis de 10.000 hab.; no Censo de 2001, o 76 % dos 40.847.371 hab. O derradeiro dato dispoñíbel, o de 2021, arroxa unha porcentaxe do 80 % para os 47.385.107 hab. Estes datos están extraídos do Instituto Nacional de Estadística [www.ine.es](http://www.ine.es) (Consultas 24/12/2015 e 26/12/2021).

En terceiro lugar, é obrigatorio referirse a un fio condutor común destes autores todos, e talvez da Xeografía en xeral tal e como se desenvolveu en España: a importancia concedida aos aspectos evolutivos. Así, Capel (1986) falaba de entrada de «crecemento urbano» para referirse aos cambios acontecidos no século XX e todo o capítulo de Quirós e Tomé (2001) se dedica ao «proceso de urbanización», desde a época romana á contemporaneidade. Deste xeito, semella imprescindíbel ter en conta a variábel histórica para explicar as cidades. Con todo, cómpre subliñar que Nel-lo (2017), cun título idéntico ao de Quirós e Tomé (2001), xa desbota os períodos previos aos anos 1960. Así, nestas páxinas esa dimensión tentárase pór sempre ao servizo de afrontar os dous aspectos principais de Xeografía Urbana de España nomeados máis arriba, en termos actuais, e que se pasan a tratar nos seguintes parágrafos.

## 2. O proceso de urbanización e a conformación morfolóxica das cidades

Desde as investigacións sobre «Nova Obsidiana» —Çatal Hüyük na península de Anatolia, na actual Turquía— dadas a coñecer á comunidade internacional por Jacobs (1969 [trad. 1975]) e popularizadas, entre outros, por Soja (2000 [trad. 2008]), existen dúbidas razoadas en relación coas explicacións tradicionais sobre a orixe das cidades no mundo mediterráneo e, sobre todo, sobre o concepto mesmo de «cidade» como realidade autónoma e a súa problemática relación coas actividades agrogandeiras. No actual territorio español, posibelmente asentamentos da Idade Antiga anteriores á chegada do Imperio Romano terían características urbanas, mais obviamente o concepto actual de «cidade» dista moito daqueles antecedentes remotos. Moitos autores, como Quirós e Tomé (2001: 251), «comezan» a historia coa colonización proveniente do Mediterráneo Oriental, que no primeiro milleiro a. C. implicou a aparición de núcleos que ninguén dubida en caracterizar como «urbanos» tales como Gádir ('recinto murado' en fenicio, actual Cádiz), Emporion ('mercado' en grego clásico, «actual» Empúries) ou Qart Hadasht ('cidade nova' en púnico, actual Cartagena). Alén do feito evidente que a continuidade no asentamento destas poboacións —non no caso de Empúries, cuxo condado na Idade Media se asentou no veciño Castelló d'Empúries— presenta máis de dous milleiros de anos, e mesmo poderían ser tres en Cádiz, as consecuencias daquelas primitivas formas urbanas nas actuais tramas da nosas cidades non son observábeis.

En cambio, semella moito máis relevante na historia urbana da actual España a presenza romana, cando menos por dous motivos. O primeiro é porque foi o primeiro exercicio de creación dun sistema urbano estruturado e artellado, obviamente ao servizo da dominación romana, onde se estableceron cidades para o control do territorio, as comunicacións, o comercio, etc. Estas cidades estaban comunicadas por unha potente rede viaria ben mantida da cal xa se ten falado abondo. O segundo aspecto é que, morfoloxicamente, o seu plano regular aínda hoxe é rastrexábel —non sen dificultades— en bastantes cidades españolas, nomeadamente os eixes perpendiculares do CARDO e do DECUMANUS e, ás veces, tamén as súas murallas. É o caso de Barcelona (BARCINO), León (LEGIO), Mérida (EMERITA AUGUSTA) ou Zaragoza (CAESAR AUGUSTA), por pór algúns exemplos de sobras estudados [Figura 1]. Porén, moito se mitificou a persistencia da cidade romana. O certo é que en



moitas ocasións daquel pasado remoto queda pouco máis có emprazamento orixinal das respectivas cidades vellas. De feito, despois da época romana moitos asentamentos viñeron moito a menos e o seu recinto amurado, cando persistiu, pechaba basicamente eidos. É o caso claramente de Lugo (LUCUS AUGUSTI), tal e como foi explicado por Rodríguez Lestegás (2015).

De acordo con Quirós e Tomé (2001: 252), «*el período histórico al que responde en mayor medida la configuración del núcleo antiguo [das cidades españolas] es, en la gran mayoría de los casos, la Edad Media*». Obviamente, neste período hai que facer unha distinción entre aquelas cidades que foron dominadas, creadas, reconstruídas e reformuladas baixo o signo do Islam e as que non tiveron esa influencia —ningunha ou pouca—, ou ben mesmo foron creacións EX NOVO nos reinos cristiáns. Esta distinción débese levar a cabo obviamente sen caer en todas as mitificacións, cando non falsidades, ás que este longo milenio foi intensamente sometido pola produción histórica contemporánea (Murado, 2013). En efecto, hai cuestións moi relevantes na historia urbana de moitos núcleos, coma se as cidades foron abandonadas ou non, destruídas ou non, das que non sabemos demasiado desde unha perspectiva arqueolóxica e, cando temos algunha noticia escrita, talvez non sexan máis ca manipulacións interesadas de séculos despois.

**Figura 1. Evolución da zona vella de Zaragoza: época romana, época islámica, baixa idade media e Renacemento, de esquerda a dereita e de arriba abaixo.**



Fonte: Monclús (1994: 243).

A sorte das cidades islámicas está moi ben recollida nas seguintes palabras dunha obra de referencia:


*En las ciudades islámicas, un alcázar o alcazaba protegía la ciudad o medina, amurallada, en la que se situaban la mezquita mayor, la alcaicería o ámbito del comercio de productos de lujo, baños, etc. Fuera del recinto de la medina podía haber arrabales, a veces también amurallados. La trama viaria estaba integrada por algunas calles principales con un trazado sinuoso que, desde el centro del casco, conducían a las puertas de la muralla; de aquéllas derivaban otras, secundarias, más estrechas y también quebradas, de las que, a su vez, salían numerosos y muy angostos callejones en fondo de saco, llamados adarves, que daban acceso a las viviendas, penetrando en el corazón de las manzanas, extensas y de perímetro muy irregular. Con frecuencia, pasadizos volados (algorfas) unían edificios fronteros y, de trecho en trecho, arquillos igualmente volados arriostaban los muros. Las plazas estaban ausentes, reduciéndose a simples ensanchamientos en algunas encrucijadas, aprovechados para situar mercados (suq, o zoco, de donde azogue, azoguejo, zocodover, etc.).*

*El tiempo transcurrido desde la extinción en España de las formas de vida islámicas ha afectado profundamente a esa herencia urbana. La herencia de plazas, ensanchamiento y rectificación de calles, supresión de callejones, etc. han alterado la estructura inicial; pero ésta no deja de pervivir en la irregularidad de las manzanas, en ciertos rasgos del viario, sin que falten cascos, o fragmentos de ellos, en los que el modelo puede percibirse aún con nitidez, como en Toledo, el Albaicín granadino, o fragmentos de Córdoba y Sevilla, amén de núcleos menores. (Quirós e Tomé, 2001: 252-253)*

Varios autores coinciden en indicar que Córdoba puido ser a cidade máis importante de toda Europa cara ao ano 1000 (Reher, 1994; Nel-lo e Muñoz, 2007). A súa poboación —pero de novo pode resultar un mito— acadou talvez o medio millón de habitantes.

No que fai ás cidades dos reinos cristiáns e á súa evolución, Reher (1994) indicou que nunca competiron co esplendor islámico coetáneo. Poucos núcleos pasarían dos 15.000 habitantes e moitos deles na baixa idade media perderían boa parte da súa poboación por mor das pestes. Tras a conquista, Andalucía seguiu a ser, como posibelmente xa fora en épocas anteriores, un territorio con cidades moi grandes por oposición ao resto do territorio ibérico, de dominancia rural. Castela presentou de forma particular durante parte da idade media unha rede de cidades potente, en boa medida debida ao comercio da lã e ao camiño de Santiago, con núcleos que na actualidade son cativos pero que daquela foron moi relevantes, como Carrión de los Condes, Medina de Rioseco, Medina del Campo ou Sahagún. Morfoloxicamente, as cidades dos reinos cristiáns tamén presentaban en termos xerais un plano orgánico e desordenado, produto en moitas ocasións do crecemento sucesivo por fases de cronoloxías diferenciadas [Figura 2]. Porén, logo das conquistas fundáronse EX NOVO algúns asentamentos regulares. É o caso de Mallorca, onde o rei Jaume II deste reino ditou unhas *Ordinacions* a comezos do século XIV que se empregaron para a construción de Petra ou Sa Pobla, e doutros núcleos da Coroa de Aragón, como Castelló, Nules e Vila-Real —os tres na comarca de La Plana—, do século anterior. Na Coroa de Castela un núcleo regular emblemático foi Santa Fe, na Vega de Granada, que se asentou a finais do século XV para preparar a conquista da capital do reino nazarí, mais tamén existe o antecedente de Briviesca, do século XIII. En todos estes casos aínda o plano reflicte este transfundo histórico.

**Figura 2. Evolución do centro histórico de Barcelona: dos primeiros ravais fóra das murallas romanas cara ao ano 1000 ao crecemento do século XIII, coa construción da primeira muralla medieval.**



Fonte: García Espuche et al. (1994: 67).

As máis importantes cidades do actual territorio español no século XVI estaban articuladas en dous grandes sistemas: Andalucía e Castela.

*Con una economía volcada hacia el comercio con América, a finales del siglo XVI y principios del XVII [Sevilla] se había convertido ya en una de las ciudades más grandes de Europa pero no era, ni mucho menos, la única ciudad importante de Andalucía. En torno al cauce del río Guadalquivir había toda una serie de ciudades con poblaciones superiores a los 20.000 habitantes, tamaño muy importante para la época. Entre ellas se pueden contar Jaén, Baeza, Úbeda, Córdoba y Jerez de la Frontera. [...] En su conjunto, Andalucía contaba con 53 ciudades mayores de 5.000 habitantes que representaban el 56,8% del total de su población [...]. Era, sin duda, una de las regiones más urbanizadas del continente europeo.*

*La densidad de la población andaluza sería bastante más que la consecuencia de la existencia de un mundo colonial, con todos los estímulos al comercio y a la producción que eso conllevaba. La productividad agrícola de la región era bastante elevada, ofreciendo así un apoyo necesario para las poblaciones urbanas con o sin el estímulo de América. En última instancia, el comercio con América probablemente no era esencial para la existencia en sí del sistema urbano, pero sí un factor clave para su vitalidad durante el siglo XVI.*

*Otra zona que presentaba un nivel de urbanización elevado era Castilla, que contaba a la sazón con 43 ciudades mayores de 5.000 habitantes. Si bien su porcentaje de población urbanizada era sensiblemente menor que en Andalucía (algo menos del 20% de la población), no por ello dejaba de ser notable. El sistema castellano estaba caracterizado por la existencia de tres grandes ciudades (Valladolid, Toledo y Madrid), junto con un buen número de ciudades pequeñas y medianas. [...]*

*Las zonas urbanas de Castilla formaban parte de una red de vínculos comerciales y administrativos que les otorgaba la apariencia de ser un verdadero sistema urbano [...]. En Castilla, cada una de las ciudades ocupaba un nicho más o menos específico dentro del sistema: así, Toledo era la capital religiosa y un importante centro de manufacturas de seda y armas; Valladolid era lugar de residencia de muchas de las familias nobiliarias y sede tradicional de buena parte del Gobierno de Castilla; Burgos controlaba la mayoría del comercio hacia el norte, y Toledo lo controlaba hacia el sur; Medina del Campo y Medina de Rioseco canalizaban el comercio de la lana y los intereses bancarios; Cuenca, Segovia y Zamora eran centros manufactureros textiles; Salamanca y Alcalá de Henares eran ciudades universitarias; y Salamanca se especializaba en la industria del cuero. Era un sistema bien integrado, en el que muchas de sus ciudades tenían vínculos con otros centros urbanos externos, tanto en la Península como en otros países de Europa. (Reher, 1994: 4)*

Naqueles séculos estas cidades medraron en forma de planos irregulares. Co desenvolvemento da monarquía absoluta, o papel da muralla diminuíu, agás nas prazas fronteirizas e costeiras. De feito, moitas cidades chegaron ao século XIX coas fortificacións medievais xa moi deterioradas e con construcións edificatorias adosadas. É relevante indicar que nas cidades se produciu unha tímida aparición de espazos públicos. Foi o caso das *alamedas* arboradas, cuxas primeiras realizacións poderían ser a Alameda de Hércules de Sevilla (de finais do século XVI) e a Alameda de Apodaca de Cádiz (de principios do século XVII) (Zoido, 2012). Tamén se deron en xerar espazos públicos cerimoniais coa construción das *plazas mayores* castelás dos séculos XVI e XVII (Valladolid e Madrid, respectivamente, foron os modelos). De todos os xeitos, no século XVII foise reforzando unha dinámica de crise que cambio

o retrato debuxado por Reher (1994) sobre as cidades castelás no século XVI. De acordo con Bel (2010), o sistema urbano policéntrico castelán creba a partir do XVII, alongándose este proceso durante séculos (até o punto que Castela chegou ao século XX, basicamente como un territorio monocéntrico e macrocefálico), por mor do crecemento de Madrid desde a súa escolla como capital, que absorbe a dinámica das outras cidades castelás e estremeñas. Reher (1994) propuxo outras explicacións: os rendementos agrarios de Castela eran máis ben baixos, a rexión estaba illada e a dependencia da la e dos tecidos foi un modelo inflexíbel cando estes decaeron.

No entanto, na Coroa de Aragón, e particularmente en Barcelona, rexistrouse durante os séculos XVI e XVII un estancamento urbano, que normalmente se explicou en base a unha atonía demográfica da capital catalá —unha poboación estábel ao redor dos 30.000 habitantes— que durou desde finais da idade media até comezos do século XVIII (Paül, 2010). Porén, García Espuche (1998) contestou esta tese e probou que a cidade tivo moitos cambios durante eses séculos, engadindo que de feito as cidades que medraron foron as secundarias dentro de Cataluña, como Mataró. Tampouco se pode esquecer que xa dentro da Coroa de Aragón a finais da idade media o centro de gravidade se trasladara a València, que viviu durante o século XV unha época de ouro coincidindo cos papados valencianos, evidenciada coa construción de edificios como la Llotja de la Seda (do tránsito entre os séculos XV e XVI).

A chegada da casa borbónica a comezos do século XVIII produciu unha serie de cambios nas cidades españolas. No que fai á morfoloxía urbana, poden resumirse do seguinte xeito:

*[H]ay que mencionar las reformas urbanas impulsadas en tiempos de Carlos III, que tiene en Madrid su mejor expresión: traza del Paseo y Salón del Prado, apertura de paseos al sur de la ciudad, monumentalización de los accesos (puertas de Alcalá y San Vicente), y dotación de edificios institucionales actuaciones que, en menor escala, tendrán correlato en otras ciudades (Valladolid, Málaga, etc.).*

*Pero sobre todo, la Ilustración aporta algunas creaciones urbanas. En primer lugar, los Sitios Reales de La Granja (desde 1762) y Aranjuez. En segundo lugar, La Carolina (Jaén), que constituye el mejor ejemplo del planeamiento urbano ilustrado, concebida como capital de la Intendencia de las Nuevas Poblaciones de Sierra Morena. Asimismo, cabe citar El [sic] Ferrol, construida, con su astillero y arsenal, como cabeza de departamento marítimo, y cuyo plano se aprobó en 1762. Aún pueden añadirse el proyecto inconcluso de otra ciudad marítima, San Carlos, vinculada al arsenal de La Carraca; la planta de [La Ràpita], en la desembocadura del Ebro; el poblado marítimo de La Barceloneta (1753-1759), en Barcelona; etc. (Quirós e Tomé, 2001: 255-256)*

Desde o punto de vista do sistema urbano, o século XVIII foi precisamente a época do primeiro intento desde o poder de vertebrar as cidades españolas, vontade que xa non se interrompeu, co deseño radial das infraestruturas de transporte desde o «km 0» na Puerta del Sol de Madrid, establecido daquela e vixente até o de agora (Bel, 2010; Lois e Piñeira, 2017). O «*Real Decreto de 10 de Junio de 1761, imponiendo el sobreprecio de dos reales en fanega de sal para continuar el canal de Castilla, y hacer caminos rectos y sólidos en España, que faciliten el comercio de unas Provincias á otras, dando principio por los de Andalucía, Cataluña, Galicia y Valencia*» (a

transcrición é literal) é o primeiro paso contundente nesta dirección. O mesmo rei que o promulgou, Carlos III, ditou un «*Reglamento y aranceles reales para el comercio libre de España a Indias*» en 1778, que supuxo a fin do monopolio comercial de Cádiz (antes de Sevilla) e, polo tanto, a posibilidade de desenvolvemento de moitas cidades portuarias que até aquel momento viran limitadas as súas opcións: Barcelona desde logo, mais tamén A Coruña, Málaga, Santander, etc. Asemade, unha serie de pequenas cidades (Arenys de Mar, Mataró, Vilanova i la Geltrú, etc.) beneficiáronse a medio prazo da disposición de 1778. De acordo con Nel-lo (2017: 310), estas normas beben do ambiente ilustrado, en particular de obras como o «*Proyecto económico en el que se proponen varias providencias, dirigidas a promover los intereses de España, con los medios y fondos necesarios para su planificación*», de Bernardo Ward (1762, mais publicado postumamente, en 1779).


No século XIX moitas cidades españolas sufriron notábeis variacións por unha confluencia de cando menos tres grandes factores de transformación. O primeiro foi a irrupción do liberalismo político, que, coas desamortizacións eclesiásticas, liberou unha gran cantidade de solo urbano que en moitos casos fixo «*innecesaria la extensión en superficie, a pesar del crecimiento demográfico generado por una continua corriente migratoria campo-ciudad*» (Quirós e Tomé, 2001: 257). Dentro deste espírito liberal, a división provincial de 1833 foi fundamental, pois favoreceu unha serie de núcleos —e marxinou outros que tiñan aspiracións capitalinas—, os cales a partir dese momento contarán cuns servizos, uns equipamentos, unhas infraestruturas e en xeral unhas funcións burocrático-administrativas mínimas garantidas polo Estado; deste xeito, existe unha nómina relevante de cidades en España que hoxe en día mantén o seu estatus urbano basicamente por mor da decisión tomada en 1833.

*La nueva división provincial [...] supuso [...] un auténtico vuelco en la red urbana de muchas comarcas y regiones históricas, de modo particular en el interior español. A falta de expansión comercial o industrial, como ocurrió en numerosos puntos de la periferia peninsular, las nuevas capitales del interior se convirtieron en polos de concentración alternativos. En numerosas provincias, la designación de la nueva capital con la dotación de funciones y servicios administrativos y la consiguiente atracción de nuevas capas profesionales y políticas contribuirá a suavizar, a paralizar a veces, la evolución de muchas ciudades históricas, importantes centros de mercado o sedes de obispado. Las tendencias seculares se alteraban así: Logroño tomará el relevo de Calahorra, Huesca el de Barbastro, Soria eclipsará a Burgo de Osma, Cáceres y León a Plasencia y Astorga. (Reher, 1994: 7)*

O segundo factor de cambio decimonónico foi a revolución industrial e a aparición de novos medios de transporte, nomeadamente o camiño de ferro, que en moitos casos implicaron cambios de moita entidade, en especial en Euskadi e en Cataluña. Un exemplo moi significativo de transformación urbana é Bilbo, que pasou de ser un núcleo urbano de orixe medieval moi reducido a conformar unha cidade de dimensións considerábeis que se estende polas dúas marxes da ría do Nervión, abrangendo máis de trinta concellos distintos [Figura 3]. Mais non se pode esquecer que a revolución industrial mesmo chegou a transformar por completo as xerarquías

dentro do sistema urbano, por exemplo en Cataluña, onde varias cidades apareceron practicamente da nada e na actualidade presentan máis poboación ca moitas capitais provinciais, caso de Badalona, Terrassa e Sabadell. Sexa como for, a nómina de cidades que se viu favorecida polo desenvolvemento da industria foi ampla: Alcoi, Avilés, Elx, Xixón, etc. É o momento, de feito, do despegue urbano das cidades asturianas, isto é, a «*ciudad astur*», o «Y asturiano» ou o «triángulo astur» (Rodríguez Gutiérrez e Menéndez Fernández, 1999; Lois e Piñeira, 2017; Nel-lo, 2017).

**Figura 3. Bilbo: da zona vella (en lila forte) á cidade do século XIX (as novas áreas residenciais cartográfanse en laranxa), cunha plétora de ferrocarrís e zonas industriais, portuarias e mineiras.**



Fonte: Basurto et al. (1994: 219).

O terceiro factor de cambio do oitocentos pódese concretar no ascenso da burguesía como clase social emerxente, que arelou axiña manifestarse no espazo, por exemplo coas «gran vías» andaluzas (a de Granada chámase así, mais en Sevilla sería a Avenida de la Constitución e en Córdoba, Gran Capitán) (Fernández Salinas, 2003).

*Desde la segunda mitad del siglo, la burguesía urbana acomete la transformación del tejido de espacios centrales; mejorando sus condiciones se consigue aumentar el valor del suelo, provocar la sustitución social y crear un «centro» residencial y de negocios. A esa estrategia responden las operaciones de reforma de la Puerta del Sol (1856-1862) en Madrid; la calle Alfonso I (1865-1879) en Zaragoza la calle Larios (1887-1891) en Málaga, o la Gran Vía de Colón (1895-1908) en Granada. Pero con frecuencia esas reformas no ofrecían suficiente espacio residencial de calidad, y sobre todo no permitían escapar a las negativas consecuencias sanitarias del entorno inmediato. De ahí la necesidad de los ensanches. (Quirós e Tomé, 2001: 258)*

Os «ensanches» foron, en fin, a gran manifestación urbana do século XIX nas cidades, alongada en varios casos nos primeiros decenios do XX. Desenvolvéronse en núcleos de tamaños moi heteroxéneos por toda España: Alacant, Alcoi, Barcelona, Bilbo, Donostia, Gandia, Madrid, Laredo, León, Sabadell, Santander, València, etc. A seguinte análise vale para presentalos:

*[E]ntre los proyectos pioneros de Barcelona (Ildefons Cerdà) o Madrid (Carlos M<sup>a</sup> de Castro), aprobados en 1860, la Ley de Ensanche de Poblaciones (aprobada en 1864 y modificada en 1876 y 1892), y los ensanches más recientes, transcurrió bastante más de medio siglo, lo que da como resultado inevitable una notoria diversidad de soluciones [...]. De cualquier modo, es posible identificar en todos ellos algunas características comunes [...]. En tal sentido, [...] se trató en todos los casos «de un nuevo espacio urbano, una auténtica ciudad nueva [...] que plasmaba las ideas de orden, regularidad e higienismo (todos ellos principios típicamente burgueses) [...]» [Valenzuela, 1989: 133]*

*En cuanto a su trazado, el carácter planificado de su origen se traduce en una red viaria más amplia y rectilínea que la de los cascos antiguos, acorde con las nuevas condiciones de la circulación intraurbana, organizada de forma geométrica en tramas reticulares, radiales, etc., lo que da como resultado manzanas amplias y regulares, que permiten un aprovechamiento máximo del suelo para su urbanización [...].*

*En cuanto a la edificación y uso del suelo, las notables diferencias existentes en los documentos oficiales se vieron atenuadas con el paso del tiempo como resultado de estrategias comunes de actuación por parte de los agentes urbanos, más allá de los supuestos teóricos y normativos de partida. De este modo, proyectos igualitarios como el de Cerdà, que proponía una menor segregación formal, funcional y social del espacio urbano mediante una distribución regular de servicios y equipamientos, junto a una urbanización expansiva y de baja densidad (manzanas edificadas sólo en dos o tres de sus lados, con amplios espacios abiertos y parques urbanos), se vieron profundamente alterados en su materialización formal por los intereses dominantes, que jerarquizaron y densificaron su contenido, haciéndolo también patrimonio de ciertos grupos sociales, con exclusión de los restantes [Tarragó e Soria, 1976]. No obstante, tales objetivos estuvieron ausentes de la mayoría de proyectos presentados en otras ciudades, por lo que, en tales casos, el cumplimiento de las previsiones iniciales fue mayor.*

*En consecuencia, los altos precios de los solares e inmuebles edificados supusieron que fuese la burguesía urbana quien llevó a cabo su ocupación, comenzando por aquellos sectores más próximos y mejor comunicados con el centro histórico, en un proceso generalmente lento que tardó décadas en completarse. [...] El carácter esencialmente residencial y la composición social mencionada se han mantenido básicamente inmutables a través del tiempo, si bien la progresiva expansión superficial del centro comercial y de negocios favoreció una progresiva terciarización de estos ensanches. (Gutiérrez Puebla et al., 1993: 567, 571)*

En moitas ocasións fisicamente alén dos «ensanches», e ás veces como crecementos espontáneos de antigas aldeas ou casais rurais, ou como núcleos creados ao redor das fábricas, naceron os barrios periféricos de moitas cidades españolas, máis ou menos marxinais, máis ou menos precarios. A diferenza das operacións urbanísticas de «ensanche», onde a reparcelación, a urbanización e a edificación foron planificadas



en paralelo, estes barrios dos arredores tenderon a ser unha mera edificación (barraquismo), non contaron con urbanización propiamente dita («urbanizacións» marxinais) e/ou consistiron nunha subparcelación do antigo sistema rural, cunha transformación desorganizada dos antigos camiños rurais en rúas (crecemento suburbano) (Solà-Morales, 1997). Este tipo de crecementos comezaron no século XIX, en localidades como Gràcia, Sants ou Sant Martí de Provençals (hoxe barrios de Barcelona) ou Prosperidad, Cuatro Caminos ou Puente de Vallecas (hoxe barrios de Madrid), mais continuaron desenvolvéndose até o franquismo, e mesmo despois nas periferias urbanas galegas.

Até a Guerra Civil seguiron as dinámicas nomeadas: extensión de «ensanches», crecementos periféricos, desenvolvementos industriais, etc. As únicas novidades do primeiro terzo do século XX foron: os intentos de desenvolver «casas baratas» para paliar o problema endémico de vivendas para as clases obreiras, cuxos efectos reais foron limitados; os primeiros crecementos periurbanos en Barcelona, con pequenos núcleos dispersos e afastados, inicialmente de segundas residencias ao longo do trazado das liñas de ferrocarril; ou a aparición e consolidación da discusión académica e política sobre urbanismo e políticas urbanas, nomeadamente en Cataluña (Roca, 1979), que tomou bastante relevancia durante a exigua II República.

O franquismo supuxo globalmente o paso dunha España rural a unha urbana, polo tanto o crecemento urbano xeneralizado. A nivel morfolóxico, a profusión descontrolada de barrios dos arredores por toda España foi unha constante, favorecida polo clima político ditatorial, asociado á especulación e á corrupción. A partir de 1956, coa aprobación da primeira Lei do Solo, comezou formalmente o urbanismo municipal, mais como ben indicaron Quirós e Tomé (2001: 264), «*[I] a distancia entre la ciudad proyectada y la ciudad construida llega a ser en algunos casos sideral*». A morfoloxía urbana máis característica do tardofranquismo foron os «polígonos» planificados de bloques de vivendas, mais os crecementos espontáneos nunca se interromperon.

*[L]os polígonos [son] piezas que en razón de su extensión (en ciudades medias pueden alcanzar superficies no inferiores a los ensanches decimonónicos), fueron principales responsables de la incorporación de suelo para usos de alojamiento. Unidades ordenadas con viviendas estándar, equipamientos y espacios de estacionamiento, los polígonos irían evolucionando desde la participación estatal directa hasta una diversificación del número de agentes (cooperativas, inmobiliarias, empresas industriales), que deja paso a la iniciativa privada; de mismo modo que entre los destinatarios ganan presencia las clases medias, el grupo social emergente. Según el poder adquisitivo de la población alojada, así se gradúa la calidad ambiental hasta descender en los niveles más bajos a unas condiciones de absoluta precariedad [...].*

*Quienes más contribuyen a definir la nueva imagen de las ciudades españolas no son seguramente los polígonos, sino los paisajes residenciales espontáneos y en formación compacta, resultado tantas veces de la vulneración del planeamiento o de la indisciplina urbanística, que se concretan en la idea del barrio-masa y la fisonomía de bloques de ladrillo apretados en estrechas calles-corredor. La densificación, junto con la multiplicación del espacio atribuido a las clases medias,*

*llegan a ser rasgos distintivos de una ciudad cuya estructura espacial avanzaba paralelamente hacia un mayor grado de evolución. En términos de extensión física, el cambio de escala fue considerable por la intensidad del crecimiento en superficie y su carácter desordenado; fuera del continuo urbano, la incorporación de un tejido residencial de chalés y una incipiente periferización de otros usos hacen que el espacio de la ciudad pierda unidad y nitidez en sus límites, mientras experimenta la consiguiente reorganización funcional. (Quirós e Tomé, 2001: 265)*

*Al déficit de vivienda —que el propio Plan Nacional de la Vivienda 1961-1976 evaluaba en 1.000.000 de unidades a inicios de la década de los sesenta (Terán, 1999)— se trató de dar respuesta a través de las grandes promociones de vivienda de masa, pública y privada, construidas a menudo en polígonos de uso exclusivamente residencial. Inspirados de forma más o menos lejana en los principios del movimiento moderno —edificios exentos, rodeados de espacios libres— estos se situaron mayoritariamente en las periferias, con notables problemas de accesibilidad, déficit[s] urbanísticos y carencia de servicios. Se ha estimado que, sólo [sic] por lo que a la vivienda pública se refiere, se construyeron entre 1950 y 1972 en las aglomeraciones centrales de Madrid y Barcelona, 94.518 y 62.553 unidades, respectivamente, en polígonos de este tipo: se trata de desarrollos como los de San Blas, Hortaleza, Canilleja y Vallecas, en el entorno de la capital, o como los de Sant Roc, Sant Cosme, Gornal y Badia, en el entorno de Barcelona, a los cuales deberían añadirse todavía los polígonos de promoción privada (Bros, 1999; Moya, 1983; Ferrer, 1996). (Nel-lo, 2017: 313)*

A nivel da localización espacial da urbanización, as periferias de Madrid e Barcelona foron as áreas co crecemento máis notábel.

*Las que más incrementaron su población [no período 1960-1981] eran las grandes ciudades dormitorio del extrarradio destinadas a alojar a los inmigrantes, o las pequeñas ciudades utilizadas como residencia por los grupos acomodados de la sociedad. En torno a Barcelona, por ejemplo, vemos que los grandes núcleos de inmigrantes como Santa Coloma de Gramenet, Badalona, l'Hospitalet de Llobregat, el Prat de Llobregat, Cornellà de Llobregat, Mataró o Sant Boi de Llobregat, crecían a un ritmo superior al 4% anual, mientras que en toda la zona del Vallès el crecimiento centrado en ciudades pequeñas era tanto o más rápido. En Madrid ocurría algo similar, aunque el ritmo era mucho mayor que en Barcelona: Móstoles, Alcorcón, Alcalá de Henares, Leganés, Getafe, Parla, Fuenlabrada, Coslada, San Sebastián de los Reyes, Alcobendas y Torrejón de Ardoz crecían cerca o por encima del 10% anual durante el período estudiado. Por otro lado, Collado Villalba, Majadahonda, Pozuelo de Alarcón, Las Rozas, Boadilla del Monte, todos ellos lugares de residencia de la clase media y de la burguesía madrileña, crecían por encima del 7% anual. Esta dinámica se puede observar en las demás grandes ciudades, aunque su impacto era menos fuerte que en Madrid y Barcelona. (Reher, 1994: 14)*

*[L]a falta de una política coherente de vivienda, la escasez de infraestructuras urbanas y la ineficacia del planeamiento (Terán, 1981) tuvieron como resultado la densificación de las tramas urbanas preexistentes y el surgimiento de numerosos barrios de infravivienda. Así, por ejemplo, se estima que [,] en Barcelona, en los años sesenta llegaron a existir unas 20.000 barracas, en barrios como Somorrostro, Camp de la Bota, la Perona, el Carmel o Montjuïc en las que residían entre 70.000 y 100.000 personas (Tatjer; Larrea, 2010). (Nel-lo, 2017: 313)*

Neste período formáronse definitivamente as grandes conurbacións —coalescencia entre crecementos de distintos núcleos urbanos—, aínda que en Barcelona ou en Bilbo comezaran o século antes. Tamén neste momento as grandes áreas metropolitanas —isto é: os espazos de relacións funcionais e interdependencias entre concellos rexidos por unha cidade principal— emerxeron como tales.

*Empujadas por el desarrollo económico y las migraciones, las principales ciudades españolas conocieron, entre 1960 y 1975, crecimientos de población espectaculares: Madrid —que entre 1947 y 1954 había anexionado 14 municipios de su alfoz y ya era entonces la primera ciudad del país (Gaviria, 1985)— pasó, junto con su área metropolitana, de 2, 3 a 4 millones de habitantes en ese período, con un crecimiento extraordinario del 76,2%. Muy notables asimismo fueron los aumentos de población de las áreas metropolitanas de Barcelona (un 59,1% alcanzando también los 4 millones de habitantes), Valencia (55,4%), Bilbao (60%) y de la ciudad de Zaragoza (73,9%). El crecimiento fue algo menor en las áreas metropolitanas de Sevilla (26,3%) y Málaga (33,6%), pero ambas se situaban, sin embargo, muy por encima de la media española del período (17,8%). Así, en conjunto, las siete mayores áreas metropolitanas, que contaban con una población de 7,5 millones de habitantes en 1960, alcanzaban quince años más tarde los 12 millones. De esta manera pasaban a albergar, ya en 1975, el 33,3% de la población española. (Nel-lo, 2001: 276-277)*

Neste ambiente de crecemento urbano desbocado planificáronse as «actuacións urbanísticas urxentes» (ACTUR), auspiciadas por un cambio dentro do réxime (Terán, 1982). Legalmente, naceron co «Decreto-ley 7/1970, de 27 de junio, sobre actuaciones urbanísticas urgentes». Inspiradas nas *new towns* británicas e nas *villes nouvelles* francesas, foron globalmente un fracaso, agás o barrio homónimo de Zaragoza e Tres Cantos (Madrid) e, en certo xeito, o espazo da Expo'92 de Sevilla na Isla de La Cartuja. En Barcelona, acabaron na nada (Paül, 2006).

O balanço urbano do período democrático que se abre a partir das primeiras eleccións municipais de 1979 é complexo. Ferrer e Sabaté (1999) subliñaron que as administracións locais herdaron grandes déficits urbanos tales como precariedade da urbanización (rúas sen asfaltar, etc.), ausencia de servizos mínimos (moitos barrios non tiñan cloacas, etc.) ou desigualdades na distribución de equipamentos. Tentáronse arranxar estes déficits e, en termos xerais, o planeamento democrático tendeu a unha redución das previsións desmedidas de solos urbanizábeis da ditadura. O diagnóstico sería, así pois, positivo. Porén, Quirós e Tomé (2001: 267) xa advertían, analizando a década de 1990, que o neoliberalismo baseado na «*imagen y las grandes obras*», controlado «*por monopolios que aplican la lógica del máximo beneficio*», coexiste cos «*criterios universales del urbanismo sostenible y la búsqueda de calidad, que, a pesar de todo, se abren paso*». En efecto, o capitalismo neoliberal instálase comodamente en Occidente, tamén en España, desde inicios da década de 1980 (Harvey, 2005 [trad. 2007]). Así, a procura da sustentabilidade non resulta xeneralizada nos Concellos democráticos, de xeito que o urbanismo tende a seguir


sendo bastante expansivo en España. Nel-lo (2017) distingue entre dous grandes períodos recentes: entre 1976 e 1996 e logo de 1997.

- Entre 1976 e 1996 os núcleos centrais metropolitanos (Madrid, Barcelona, etc.) perden poboación e evidénciase un crecemento difuso das cidades, en aureolas sucesivas de áreas periurbanas de baixas densidades, desde as que se rexistran, desde daquela, movementos pendulares que non sempre o transporte público satisfai. No entanto, globalmente, a poboación urbana de España, así como a do conxunto do país, estáncase. Así, por exemplo, na área metropolitana de Barcelona as zonas urbanizadas pasaron de 37.749 ha en 1980 a 67.163 ha en 2000, mentres que a poboación de 1981 a 2001 só subiu de 4,2 a 4,4 millóns (Paül, 2006, 2010).
- A partir de 1997, cambia o ciclo. A «década prodixiosa» até 2007, en expresión de Burriel (2008), comporta un período expansivo xigantesco, en parte a causa da desregulación aberta no sector inmobiliario a partir do triunfo do PP nas eleccións de 1996, mais tamén pola construción dunha burbulla inmobiliaria que o común da sociedade asume que favorece toda a xente, pois o capitalismo español se basea nunha masa de propietarios hipotecados (López Hernández e Rodríguez López, 2010). De acordo con Nel-lo (2017), un dos grandes cambios do período post-1997 consiste no incremento de poboación urbana localizado novamente nos centros das grandes cidades, nomeadamente poboación nacida no estranxeiro: se en 1996 esta apenas chegaba ao medio millón, en 2008 multiplicárase por dez, superando os 5 millóns. Esta poboación que vén de chegar tende a situarse, hipotecándose para mercar inmóbeis vellos, nos barrios xa consolidados [Figura 4]. En paralelo, a actividade construtiva intensifícase en periferias metropolitanas pouco densas, cada vez máis afastadas, nas que se desprazan a vivir persoas nadas en España. Deste xeito, prodúcense novas fendas urbanas, con dinámicas de segregación social, económica, cultural... ben evidentes. Porén, coa crise iniciada en 2008,<sup>2</sup> denominada «fin de ciclo» por López Hernández e Rodríguez López (2010), moitos barrios centrais de grandes áreas metropolitanas volven perder poboación, en parte porque hai determinados colectivos inmigrantes que deciden deixar España, caso, por exemplo, das numerosas comunidades ecuatorianas que retornan ao seu país de orixe atraídas, en boa medida, pola presidencia de Rafael Correa (desde 2007).

---

<sup>2</sup> A creba de Lehman Brothers o 15/9/2008, a maior da historia dos Estados Unidos, é considerada a orixe da crise, malia os sinais anteriores, e aínda que en España se negou a crise meses, e mesmo anos, despois.

Figura 4. A poboación estranxeira no concello de Barcelona (2013).



Fonte: González Pérez (2018: 219) e Instituto Geográfico Nacional.

Pola súa relevancia na paisaxe urbana española, os crecementos producidos no período da «década prodixiosa» merecen un comentario detido:

*En la década 1997-2006 el crecimiento urbanístico ha sido muy fuerte en prácticamente todo el territorio español. Pero dentro de este incremento general hay diferencias territoriales bastante marcadas y muy significativas: la actividad urbanizadora más intensa se ha producido en la costa mediterránea y en las provincias del entorno de Madrid.*

*Los altísimos indicadores de la costa mediterránea responden fundamentalmente a la construcción de segundas residencias y urbanizaciones turísticas para la demanda española y europea. Desde Málaga a Girona los niveles de actividad urbanizadora han sido impresionantes: en el conjunto de la década se han construido más de 19 viviendas por mil habitantes —jcomo media de 10 años!— en Murcia, Alicante, Castellón, Tarragona y Girona, e incluso se ha superado las 25 viviendas por mil habitantes en Almería y Málaga. En Valencia los índices relativos no son tan altos, pero las viviendas iniciadas en 2006 casi multiplican por 4 las de 1996. La única aparente excepción en los indicadores relativos es Barcelona, pero los datos absolutos nos mostrarán también allí, como en Madrid, el gran impacto territorial del urbanismo de esta década.*

*Si se atiende al crecimiento absoluto entre principio y final del período destacan con nitidez Almería, Castellón y Murcia, con menor desarrollo turístico antes de los años [19]90. En cambio, en los destinos turísticos más maduros —Málaga, Granada, Alicante, Valencia, Baleares, Tarragona y Girona, así como Canarias— el incremento ha sido menor, aunque alto y por encima de la media nacional [...].*

*La otra zona con índices muy elevados de actividad constructiva es el entorno de Madrid y obedece a la demanda generada en la capital y su área metropolitana; esto tiene su correlato en los indicadores relativos más bajos de la Comunidad de Madrid. La expansión madrileña afecta sobre todo a las provincias de Toledo*

y Guadalajara, con los incrementos más llamativos entre 1996 y 2006 y con los indicadores de viviendas iniciadas por mil habitantes más altos de España en 2006; aunque también haya bastante segunda residencia, en su mayor parte se trata de una demanda madrileña de primera residencia. Las razones fundamentales de esta «huida» de Madrid, como de todas las grandes ciudades, son conocidas: la principal los precios más bajos de las viviendas; pero también las nuevas preferencias residenciales por tipologías unifamiliares, núcleos más pequeños, mayor calidad ambiental o tranquilidad, así como la mejora de las comunicaciones.

La demanda madrileña de primera residencia está ya traspasando el obstáculo que siempre ha supuesto la Sierra, aunque el altísimo nivel de actividad constructiva de Ávila y Segovia responde sobre todo a la segunda residencia. Los indicadores relativos de estas provincias son importantes en el conjunto de la década, pero ha sido sobre todo en los últimos años cuando se han incorporado a los niveles más destacados de España.

En 2006 aparece ya un índice elevado en provincias más alejadas de Madrid como Ciudad Real, Cuenca o Soria. La irradiación de Bilbao ha contribuido mucho al importante incremento de la construcción de viviendas en Álava, Cantabria y La Rioja. La demanda de las grandes ciudades se deja notar también en el notable crecimiento urbanístico de las provincias pirenaicas de Huesca y Lleida.

Todo parece apuntar a que el crecimiento urbanístico más intenso se ha localizado en las zonas menos ocupadas hasta ahora y con suelo más barato de los espacios turísticos o de los entornos metropolitanos, en éstos [sic] cada vez a mayor distancia. (Burriel, 2008: s.p.)

Estas zonas con solos máis baratos son en moitas ocasións espazos protexidos, tal e como demostrou Delgado (2008), e prodúcense mediante procesos ás veces corruptos (Burriel, 2008; López Hernández e Rodríguez López, 2010; Lois et al., 2016; Fox-Rogers, 2019), incluíndo casos de grandes investimentos en infraestruturas efectuados polas administracións públicas que se asocian a crecementos residenciais (Romero et al., 2018). Alén dos crecementos do litoral mediterráneo —no que as áreas metropolitanas tenden a concatenárense as unhas coas outras (Tarragona/Barcelona, Murcia/Elx/Alacant/Benidorm/Dénia-Xàbia/Gandia, Bahía de Algeciras/Costa del Sol/Málaga/Vélez-Málaga, etc.) e nos que o turismo e/ou as residencias secundarias explican case na súa totalidade a dinámica operada—, a área metropolitana que mellor simboliza esta dinámica expansiva é a capitalina, cuxas dimensións nestes momentos son posibelmente enormes e abranguen cinco ou talvez seis provincias alén da Comunidade de Madrid (Feria, 2008; Solís, 2008; Lois e Piñeira, 2017). Xa existen varias análises críticas dispoñíbeis sobre o urbanismo madrileño, que comezaron hai máis dunha década coa achega, entre outras, do Observatorio Metropolitano (2007). Brandis (2012a, 2012b), por exemplo, estudou a situación antes e despois da crise iniciada a partir do ano 2008, en concreto no concello da capital.

*Ante la pérdida de población del municipio madrileño desde 1975, la corporación socialista redacta el Plan General de 1985 que opta por moderar la expansión física de la ciudad y se centra en recualificar y rematar la periferia dentro del cuarto cinturón (M-40). En 1991 el ayuntamiento, ya en manos de los populares, reclasifica el suelo urbanizable programado de la periferia urbanizable y redacta*

sobre 2.261 hectáreas los seis primeros barrios [...]. Con ello pretende, por un lado, construir 72.750 viviendas para evitar la salida de población hacia las coronas metropolitanas y, por otro, dinamizar el sector inmobiliario con el fin de reactivar la economía regional. [...]

Los mismos presupuestos de crecimiento del parque inmobiliario subyacen en el nuevo Plan General de 1997, que apuesta por el urbanismo de expansión y facilita la ocupación de 5.055 hectáreas del municipio todavía sin urbanizar. La puesta en el mercado de tan amplia superficie de suelo ahora se justifica con la pretensión de reducir su precio, al que se considera uno de los determinantes de la carestía de la vivienda. Se procede a una clasificación masiva de suelo urbanizable, sobre un suelo no urbanizable protegido por el plan anterior más allá del cuarto cinturón (M-40). Allí se pretende levantar 122.613 viviendas en ocho nuevos barrios [...] apoyados por los trazados de la orbital M-50, en ese momento en proceso de construcción, de las radiales 2, 3, 5 y de la M-45, todas iniciadas a partir de 1999, agotando así prácticamente el suelo vacante del término municipal. (Brandis, 2012a: 243-244)

El nivel de ejecución de las viviendas previstas y su grado de ocupación refleja el estancamiento que soportan los ámbitos en plena crisis económica [...]. En los desarrollos de 1997 sólo el 3,64% de las viviendas cuentan con licencias de edificación [...].

El fracaso de los últimos desarrollos residenciales responde a la falta de financiación de las empresas del sector y a la sobreoferta de vivienda terminada [...]. Fueron los grupos empresariales interesados en dicha expansión, el inmobiliario y el bancario, los que afianzaron el andamio especulativo que facilitó la espectacular duración e intensidad de la burbuja inmobiliaria. Pero la financiación de un stock de viviendas tan sobredimensionado exigió tasas de endeudamiento de los hogares y de las empresas del sector, provocando el pinchazo de la burbuja inmobiliaria y, en consecuencia, que la actividad constructivo-inmobiliaria se encuentre ahora bajo mínimos. (Brandis, 2012b: 114-115)

Burriel (2008) laiábase de non poder ofrecer datos actualizados de ocupación dos solos para o conxunto de España. No entanto, a imaxe de urbanización rampante é patente para o período que se estende entre 1987 e 2005: a urbanización aumentou un 55 % en menos de vinte anos [Táboa 1].

**Táboa 1. Cambios de ocupación do solo en España (1987-2005).**

Corine Land Cover en España. Nivel 1	Cambio 1987-2000 (%)	Cambio 2000-2005 (%)	Media anual de ha transformadas 1987-2000	Media anual de ha transformadas 2000-2005	Superficie total 2005 (ha)	Cambios 1987-2005 (%)
Superficies artificiais	34,19	15,40	13.106	27.666	1.036.332	54,86
Zonas agrícolas	0,09	-0,13	2.444	-6.895	25.393.102	-0,05
Zonas forestais e áreas semi-naturais	-0,29	-0,46	-18.404	-21.922	23.994.483	-0,74
Zonas húmidas	0,57	-0,23	144	-51	111.409	0,34
Superficies de auga	15,73	2,10	2.838	1.387	336.375	18,16

Fonte: Prieto (2014: 91), con adaptacións propias dos autores.

Sexa como for, a cuestión en moitas ocasións non estriba só en saber «canto» se medrou urbanisticamente nos derradeiros anos, senón «como» se fixo. Boa parte da morfoloxía da expansión urbana na España das últimas décadas é a da cidade dispersa de baixas densidades, que moitos autores consideran unha influencia do «urban sprawl» anglosaxón desenvolvido desde comezos do século XX nas periferias das cidades británicas e estadounidenses. Nos novos espazos urbanos residenciais dominan as vivendas unifamiliares illadas ou adosadas, repetidas en «urbanizacións» (no sentido privativo que en España se lle dá a esta palabra) seriadas, onde se destaca o espazo privado por oposición ao público, e os desprazamentos fanse por norma en vehículo privado, o cal implica amplas necesidades de infraestruturas viarias e aparcadoiros e non sempre vai correlacionado co desenvolvemento de sistemas de transporte colectivo de proximidade. Os lugares de traballo, compras ou lecer non coinciden co lugar de residencia, o que conduce a unha acusada segregación funcional e espacial que pon en dúbida o entendemento tradicional do concepto de «cidade».

*Los conjuntos de casas aisladas y promociones de casas adosadas muestran el alcance de un paisaje residencial ajeno a los procesos de extensión urbana característicos de las ciudades compactas, definidos más bien por la contigüidad, la ocupación de espacios intermedios sin construir o la extensión de la urbanización siguiendo, aunque en ocasiones de forma fragmentada, modelos clásicos como la famosa mancha de aceite. Al mismo tiempo, se trata de un tipo de territorio residencial difícil de clasificar, a pesar de las similitudes morfológicas, dentro del modelo clásico de la ciudad-jardín desarrollado por las burguesías de finales del siglo XIX y sobre todo durante las primeras décadas del siglo XX. Más que una ciudad que crece como una mancha de aceite hablamos de un territorio donde las manchas de aceite se van multiplicando a lo largo de autopistas y cinturones orbitales, en municipios de primera, segunda y, actualmente, ya tercera corona metropolitanas. Esta expansión residencial selecciona territorios y paisajes en función de la accesibilidad de la red de autopistas y, en consecuencia, de las ciudades principales; y, simultáneamente, en función de la proximidad de las áreas menos urbanizadas o sin urbanizar, así como de los espacios con vistas panorámicas sobre el campo, el mar o la montaña. En el caso de la provincia de Barcelona, [...] hasta una tercera parte de las viviendas construidas durante los últimos veinte años [período 1987-2005] corresponde a casas unifamiliares, aisladas o adosadas. (Muñoz, 2007: 51)*

Para referirse a esta realidade, en España acadou moita sona a tese da «urbanización» de Muñoz (2008), que caracteriza estes crecementos urbanos como meras repeticións replicadas das mesmas formas, vivendas, rúas, etc. Muñoz (2008) sostén que as cidades actuais están tematizadas porque, igual que os parques temáticos, os fragmentos urbanizados están clonados, de xeito que responden non ás regras do planeamento, senón aos medios de comunicación de masas, ás imaxes e aos estereotipos culturais e ao espectáculo.

### 3. O sistema urbano, as redes de cidades e as áreas metropolitanas españolas

A primeira cuestión a reter cando falamos de sistemas urbanos é a súa complexidade de estudo en tanto que a determinación da súa extensión e das súas xerarquías é




sempre problemática. Por exemplo, asumimos que hai un «sistema urbano español» porque hai un territorio español, mais polo xeral ese sistema se estuda de forma illada, sen entender as súas relacións co exterior e obviando que, en múltiples sentidos, o conxunto das cidades pode non estar artellado e vertebrado da forma que talvez se prexulgue. De feito, autores como García Álvarez (2009) consideraron incongruente falar dun «sistema urbano vasco» illado, mais posibelmente argumentos semellantes poderían ser argüídos en relación co «sistema urbano español». Así, Lois e Piñeira (2017) insisten que non se pode desvencellar o sistema urbano do portugués do español e falan en termos de «sistema urbano ibérico». Doutra banda, a medición das xerarquías en base ao tamaño demográfico dista de ser doada pola escasa información dispoñíbel e polos problemas asociados á escala na que están os datos. En efecto, os fluxos de residencia-traballo, fonte tradicional para a delimitación das áreas metropolitanas (Feria, 2008, 2004), só apareceron nos últimos Censos e no de 2011 só se contabilizaron mediante enquisa —polo tanto, con marxe de erro estatístico— e cunha cobertura xeográfica controvertida, o que impide coñecer con precisión a xeometría territorial, tal e como se puidera facer precisamente no anterior. No que fai á escala, o feito de que os datos estean a nivel municipal distorsiona os resultados, pois en determinados casos dentro dos territorios municipais poden producirse situacións contrastadas. Asemade, para análises globais do conxunto de España os concellos son unha unidade de medición equívoca, pois as áreas urbanas funcionan a escala supramunicipal e comparar concellos individuais induce a erro, no sentido de que as xerarquías varían enormemente —pódense comparar, para tal efecto, os datos de 2001 ou 2020 das [Táboas 2 e 3]—. En definitiva, o estudo dos sistemas urbanos pode conducir a resultados non necesariamente coincidentes.

Existen numerosas análises do sistema urbano español. Unha das primeiras posibelmente fose a de Capel (1986), que en verdade non é máis ca unha posta ao día dun traballo deste autor da década de 1970, e que coincide en bastantes sentidos cos traballos máis amplos de Precedo (1988), outro referente nos primeiros estudos urbanos españois. Baseándose nos tamaños demográficos e nas áreas de influencia, Capel (1986) sinalaba a primacía indiscutíbel de Madrid no sistema urbano español, a quen só podían opor competencia en determinados aspectos Barcelona e Bilbo, cuxa influencia territorializaba alén dos estritos límites dos territorios catalán e do actual Euskadi autonómico. Porén, Capel (1986) consideraba que Barcelona era xa daquela moi dependente de Madrid en termos de poder financeiro. Por debaixo deste nivel, sinalaba a relevancia de Valencia, Sevilla, Valladolid e Zaragoza, «*grandes metrópolis regionales, ejes polarizadores y organizadores de amplios espacios de extensión suprarregional*» (Capel, 1986: 301). Non hai dúbida que esta escolla de cidades tivo que ver co rango demográfico na década de 1970, presente na [Táboa 2], aínda que sorprende a omisión de Málaga, «*que ha perdido en beneficio de Sevilla la capitalidad de la Comunidad Andaluza*» (Capel, 1986: 301). Se ben é evidente que a escolla de determinadas cidades medias como capitais autonómicas impulsounas enormemente —os casos de Gasteiz, Mérida e Santiago de Compostela son sintomáticos—, non semella que noutros territorios o establecemento da capitalidade cambiase demasiado os sistemas urbanos respectivos, reforzando as macrocefalias alá onde xa existían —Zaragoza en Aragón, Barcelona en Cataluña,

etc.— e non alterando as situacións de características máis policéntricas, como en Andalucía ou no País Valencià. A [Figura 5] destínase a este asunto das macrocefalias, aínda que, de novo, cómpre alertar que se refire ás cidades medidas exclusivamente coma se fosen concellos, o cal, como xa se dixo e aínda se insistirá máis deseguido, induce a equívocos.

**Figura 5. Cálculo de primacías e explicación das macrocefalias por comunidades autónomas.**

Por su parte, el índice de primacía mide fundamentalmente la macrocefalia de un sistema. Valores altos reflejan redes macrocéfalas; valores intermedios, redes bicéfalas o tricéfalas, y valores bajos, redes equilibradas. Del análisis de la tabla *Índice de primacía* se puede extraer diferentes conclusiones. En primer lugar, la macrocefalia es importante en todas las comunidades autónomas uniprovinciales (excepto Asturias) y en Aragón. Las redes más macrocéfalas, por encima de 75, se sitúan en Aragón, Comunidad de Madrid y La Rioja. En segundo lugar, Andalucía, Galicia y País Vasco obtienen los índices más positivos. Estas redes más equilibradas se apoyan en una importante red urbana de diferentes rangos urbanos (volúmenes poblacionales). Tercero, el índice se ha reducido en doce comunidades autónomas entre 1981 y 2014. En ambas fechas, son nueve las comunidades que superan el índice 50, si bien en siete de ellas ha descendido ligeramente. Por último, dos de los descensos más importantes del índice entre 1981 y 2014 se han producido en País Vasco y Extremadura, comunidades autónomas que optaron por localizar la capital autonómica en una ciudad diferente a una de las dos principales urbes del sistema regional. La macrocefalia urbana representa el tamaño excesivo de la ciudad mayor de un territorio, tanto en clave demográfica como funcional, en comparación con las restantes (Zoido *et al.*, 2013).



Fonte: González Pérez (2018: 214) e Instituto Geográfico Nacional.

A determinación das xerarquías no sistema urbano español debe facerse á escala das áreas metropolitanas. Na serie de manuais de Xeografía de España, posibelmente son Gutiérrez Puebla et al. (1993) os primeiros autores en estimaren as poboacións por esa unidade de resolución, aínda que Precado (1988) xa ofrecera algunha proposta interpretativa nesta dirección. Desde a década de 1990 véñense sucedendo traballos que toman as áreas metropolitanas como referencia para a determinación das xerarquías no sistema, mais o problema adoita ser nese caso a incoherencia entre métodos de traballos para a súa delimitación.

**Táboa 2. Evolución dos concellos españois cunha poboación superior aos 200.000 habitantes (1900-2020).**

1900		1930		1960		2001		2020	
Madrid	539.835	Barcelona	1.005.565	Madrid	2.259.931	Madrid	2.957.059	Madrid	3.334.730
Barcelona	533.000	Madrid	952.832	Barcelona	1.557.863	Barcelona	1.505.326	Barcelona	1.664.182
Valencia	213.550	Valencia	320.195	Valencia	505.066	Valencia	746.612	Valencia	800.215
		Sevilla	228.729	Sevilla	442.300	Sevilla	702.521	Sevilla	691.395
				Zaragoza	326.316	Zaragoza	610.976	Zaragoza	681.877
				Málaga	301.048	Málaga	534.207	Málaga	578.460
				Bilbo	297.942	Murcia	367.189	Murcia	459.403
				Murcia	249.738	Las Palmas de G.C.	364.777	Palma	422.587
						Bilbo	353.943	Las Palmas de G.C.	381.223
						Palma	346.720	Bilbo	350.184
						Valladolid	318.293	Alacant	337.482
						Córdoba	314.034	Córdoba	326.039
						Vigo	287.282	Valladolid	299.265
						Alacant	283.243	Vigo	296.692
						Xixón	269.271	Xixón	271.717
						Granada	243.341	L'Hospitalet de L.	269.382
						L'Hospitalet de L.	242.480	Gasteiz	253.996
						A Coruña	239.434	A Coruña	247.604
						Gasteiz	218.902	Elx	234.765
						Santa Cruz de T.	214.153	Granada	233.648
						Badalona	208.994	Terrassa	223.627
						Uviéu/Oviedo	201.005	Badalona	223.166
								Uviéu/Oviedo	219.910
								Sabadell	216.520
								Cartagena	216.108
								Jerez de la Frontera	213.105
								Móstoles	210.309
								Santa Cruz de T.	209.194
								Iruña/Pamplona	203.944
								Almería	201.322

Fonte: Elaboración propia a partir de <http://www.ine.es> e <http://atlas.vivienda.es/> (Consultas o 27/12/2015 e o 27/12/2021).

Unha mostra desta incoherencia atopámola no «*Atlas digital de las áreas urbanas*»,<sup>3</sup> que existe desde mediados da primeira década do século XXI e cuxo uso está estendido; este atlas non ofrece unha xustificación metodolóxica: a área metropolitana de Madrid é significativamente máis pequena cá debuxada por Solís (2008) e Feria (2008) e a de Barcelona correspóndese coas sete comarcas do ámbito de planificación territorial metropolitana vixente desde 1995 até 2010 (Paül, 2010), o cal pouco ten que ver coa área metropolitana en cuestión. E xa non digamos a teima pola división provincial que manifesta este atlas: a área de Madrid deixa fóra Guadalajara ou Toledo, entendidas como realidades á parte, e todas as capitais provinciais teñen sen excepción unha área urbana atribuída, de xeito que o concello de Teruel, con 36.240 hab. (2020), aparece representado como área urbana monomunicipal e, en cambio, Figueres, a poboación de cuxa área urbana o multiplica por dous,<sup>4</sup> non figura porque —se cadra— a cidade de Figueres non acada os 50.000 hab. e/ou non é capital provincial.


Cómpre dicir que J. M. Feria foi realizando unha serie de traballos desde case o momento no que o actualmente denominado «*Atlas digital de las áreas urbanas*» comezou a súa andadura, publicacións nas que foi cartografando en ensaios sucesivos as áreas metropolitanas españolas seguindo a metodoloxía do censo estadounidense, isto é, baseándose nos movementos pendulares de residencia-traballo. O seu último mapa resultante apareceu en Feria e Martínez Bernabéu (2016) [Figura 6]. O resultado acadado é metodoloxicamente máis sólido có «*Atlas digital de las áreas urbanas*» mais cínquese a un só indicador e, por outra banda, non ofrece unha actualización constante de datos.

Na [Táboa 3] achégase a listaxe de áreas de máis de 200.000 hab. Obtida do «*Atlas digital de las áreas urbanas*». Cómpre subliñar as notábeis discrepancias coa [Táboa 2] a partir da quinta posición. Como concellos individuais, Zaragoza, Murcia ou Palma están máis arriba cás súas respectivas áreas metropolitanas, que son menos importantes no ránking global. En cambio, escalan varias posicións áreas metropolitanas como as de Bilbo, Asturias (entendida coma «*ciudad astur*» de Rodríguez Gutiérrez e Menéndez Fernández, 1999), a Bahía de Cádiz ou Vigo-Pontevedra, cuxas respectivas cidades centrais figuran máis abaixo de forma individual.

<sup>3</sup> Sucesivamente, <http://atlas.vivienda.es/>; <http://atlasau.fomento.gob.es> e <http://atlasau.mitma.gob.es/> (Consultas o 27/12/2015 e o 27/12/2021). No pasado denominouse *Atlas da Vivenda*, pois a iniciativa naceu durante os gobernos de Rodríguez Zapatero, cando existiu un ministerio específico ao respecto.

<sup>4</sup> A definición de área urbana de Figueres é da Generalitat de Catalunya no seu *Pla director urbanístic* aprobado en 2010. Con datos de 2021, conta con 65.671 hab. en 14 concellos (<https://www.idescat.cat/> Consulta o 27/12/2021).

Figura 6. As áreas metropolitanas de Feria e Martínez Bernabéu (2016).



Fonte: González Pérez (2018: 216) e Instituto Geográfico Nacional.

Nel-lo (2001: 276) abordou esta cuestión optando por centrarse só en sete grandes áreas metropolitanas, situadas «en la cabecera del sistema urbano español [...], cada una de las cuales supera, en población, el medio millón de habitantes»: Madrid, Barcelona, València, Sevilla, Bilbo, Málaga e Zaragoza, por esta orde. En Nel-lo (2017: 305) reitera este argumento, agora indicando que se trata «de aquellas que en 2015 tenían una población equivalente o superior al millón de habitantes», co único cambio de que na listaxe Bilbo pasa agora por diante das dúas cidades andaluzas. Para cada unha destas áreas, Nel-lo (2001) emprega unha delimitación baseada na bibliografía dispoñíbel ou nas decisións en materia de ordenación territorial tomadas en cada un dos casos, polo xeral por parte das comunidades autónomas respectivas. É relevante indicar que estas áreas así escollidas non coinciden coas posicións altas da [Táboa 3], pois falla Asturias.

**Táboa 3. Evolución das áreas metropolitanas españolas cunha poboación superior aos 200.000 habitantes (2001 - 2020).**

2001		2020	
Madrid	5.096.704	Madrid	6.302.995
Barcelona	4.391.120	Barcelona	5.227.851
Valencia	1.367.584	Valencia	1.581.057
Sevilla	1.174.751	Sevilla	1.316.591
Bilbo	905.360	Málaga	1.001.680
Asturias	807.716	Bilbo	909.557
Málaga	766.742	Asturias	799.787
Zaragoza	649.920	Zaragoza	761.850
Bahía de Cádiz	585.248	Alacant - Elx	714.540
Alacant - Elx	572.498	Murcia	672.773
Vigo - Pontevedra	553.751	Bahía de Cádiz	639.098
Murcia	519.659	Vigo - Pontevedra	589.626
Las Palmas de Gran Canaria	505.126	Palma	570.908
Palma	447.780	Las Palmas de Gran Canaria	540.742
Granada	436.848	Granada	535.415
Santa Cruz de Tenerife - La Laguna	405.138	Santa Cruz de Tenerife - La Laguna	449.472
Donostia	387.847	A Coruña	419.926
Valladolid	372.672	Donostia	413.128
A Coruña	370.725	Valladolid	406.970
Córdoba	314.034	Tarragona - Reus	393.556
Santander - Torrelavega	306.335	Iruña/Pamplona	364.428
Tarragona - Reus	291.328	Córdoba	326.039
Iruña/Pamplona	283.856	Santander - Torrelavega	323.078
Castelló de la Plana	249.408	Castelló de la Plana	310.179
Gasteiz	218.902	Gasteiz	253.996
Bahía de Algeciras	206.484	Bahía de Algeciras	242.056
		Cartagena	236.646
		Almería	233.801
		Costa Blanca	230.835
		Costa del Sol	225.609
		Gran Canaria Sur	212.094
		Tenerife Sur	204.661

Fonte: Elaboración propia a partir de <http://atlas.vivienda.es/> e <http://atlasau.mitma.gob.es/>  
(Consultas o 27/12/2015 e o 27/12/2021).

Sexa como for, esta «selección» de sete grandes cidades lembra os exercicios académicos practicados a escala europea, por exemplo os auspiciados polo observatorio territorial paneuropeo ESPON.<sup>5</sup> Neles subliñouse que na cabeceira do sistema urbano español existen unhas grandes metrópolis reitoras, relevantes a escala continental, e en concreto listáronse como MEGA («*Metropolitan European Growth Areas*») as seguintes: Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Bilbo e Palma (Nordregio, 2005; Vives e Paül, 2019). Se comparamos Nel-lo (2001) e Nordregio (2005), comprobaremos como varían Málaga, Palma e Zaragoza, mais hai que subliñar que no primeiro estudo só se tiveron en conta variábeis demográficas e que, en troques, a segunda investigación tomou en consideración aspectos de xeografía económica. Nel-lo (2017: 306) matiza Nel-lo (2001) ao considerar que, alén das sete xa indicadas, existen «*realidades metropolitanas emergentes —como el triángulo astur (Oviedo, Gijón, Avilés), el área de Murcia o la nebuosa de ciudades gallegas— y las metrópolis estacionales que autóctonos y visitantes configuran cada año en la Costa del Sol, la Costa Brava o la isla de Mallorca*».

Unha última proposta a mencionar neste senso é a achegada por Lois e Piñeira (2017), cuxa orde de mención das cidades se respecta aquí de acordo co orixinal:

- Dúas rexións metropolitanas: Madrid e Barcelona.
- Cinco áreas metropolitanas denominadas «rexionais»: Valencia, Sevilla, Zaragoza, Bilbo e Málaga.
- As chamadas «conurbacións rexionais»: o eixe urbano atlántico galego, o «Y asturiano», o eixe Valladolid-Burgos, a conurbación alicantino-murciana e as metrópolis insulares (Gran Canaria, Tenerife e Mallorca).
- Cidades centrais e as súas áreas urbanas: Bahía de Cádiz, costa de Gipuzkoa, Plana de Castelló, conurbación Tarragona-Reus-Costa Daurada, Santander-Torrelavega, Córdoba, Granada, Gasteiz, Iruña/Pamplona, Huelva, Girona, Cuenca, Badaxoz, Ourense, Lugo, Albacete, Ciudad Real, etc.

Cando menos en dous plans de infraestruturas de transporte realizados desde o Goberno español se levou a cabo un intento de xerarquizar o sistema urbano español a efectos de ordenación do territorio [Táboa 4]. Significativamente, ambos os dous foron realizados durante administracións socialistas, do que cabe deducir unha maior vontade planificadora en termos territoriais durante estes mandatos ca con gobernos conservadores. De feito, o *Plan Estratégico de Infraestructuras e Transporte* ou PEIT de 2005 precisamente se abría cun revelador apartado que textualmente afirmaba que este constituía unha «*apuesta por la planificación*» (Ministerio de Fomento, 2005: 9). Porén, estes ensaios ficaron basicamente como elementos de análise, pois deles non derivou, por exemplo, unha priorización dos investimentos en materia de transportes urbanos colectivos. Neste sentido, sorprende que da listaxe do Ministerio de Fomento (2005) contén con transporte público de pasaxeiros tipo tranvía ou metro lixeiro (polo xeral cofinanciado polo Goberno español) áreas que non están no primeiro chanzo do sistema como Palma, Santa Cruz de Tenerife-La Laguna ou Gasteiz, mentres que neste primeiro nivel particularmente Vigo-Pontevedra careza de tal infraestructura. Da proposta de 1993, cómpre subliñar que contrasta coas xerarquías suxeridas polos datos demográficos da [Táboa 3], descoñecéndose os criterios empregados. No que

<sup>5</sup> <http://www.espon.eu/> (Consulta o 27/12/2021).

fai á proposta de 2005, baseouse nos datos do daquela «Atlas de la Vivienda», de aí a coherencia coa primeira columna da [Táboa 3].

**Táboa 4. Determinación política das áreas metropolitanas españolas en 1993 e 2005.**

Plan Director de Infraestruturas – PDI (1993)		Plan Estratégico de Infraestruturas e Transporte – PEIT (2005)	
Áreas metropolitanas internacionais	Madrid	Grandes áreas urbanas de máis de 500.000 habitantes (os números constan no orixinal)	1. Madrid
	Barcelona		2. Barcelona
Áreas metropolitanas nacionais	Valencia		3. Valencia
	Sevilla		4. Sevilla
	Bilbo		5. Bilbo
	Málaga		6. Málaga
	Zaragoza		7. Asturias
	Las Palmas de G.C.		8. Zaragoza
Áreas no proceso de deviren metropolitanas	Asturias		9. Alacant - Elx
	Alacant - Elx		10. Bahía de Cádiz
	Vigo - Pontevedra		11. Vigo - Pontevedra
	Murcia		12. Murcia
	Palma		13. Las Palmas de G.C.
	Valladolid		
	A Coruña		

Fonte: Elaboración propia a partir de Generalitat de Cataluña (1995) e Ministerio de Fomento (2005).

O traballo coas áreas metropolitanas españolas é un exercicio académico interesante, mais non pode pasar inadvertida a ausencia de estruturas de goberno metropolitano, agás a recentemente reinstaurada en Barcelona (2010) e o intento de Vigo (2012), moi conflitivo desde o punto de vista político (Vila et al., 2015).

*[L]a estructura administrativa, el planeamiento urbanístico, la financiación y el marco legislativo con el que las grandes ciudades españolas cuentan no son hoy los más adecuados para llevar adelante políticas de alcance metropolitano. El principal escollo reside, sin duda, en la fragmentación administrativa y la complejidad institucional de estas áreas. En efecto, las grandes ciudades españolas carecen hoy, por lo general, de órganos de gobierno o gestión unitaria. Los incipientes órganos de coordinación metropolitana existentes a finales de los años setenta —la Comisión Administrativa del Gran Bilbao, la Comisión de Planeamiento y Coordinación de Madrid y la Corporación Metropolitana de Barcelona— fueron disueltos después de la instauración de las respectivas comunidades autónomas (en 1980, 1983 y 1987, respectivamente). (Nel-lo, 2001: 293)*

*[C]omo es sabido, la Constitución asignó amplias competencias en materia de administración local, urbanismo y ordenación del territorio a las Comunidades Autónomas. Esta decisión no comportó, sin embargo, la rápida creación de entes*



*administrativos de carácter metropolitano, más bien al contrario: la Corporación Metropolitana de Barcelona fue disuelta en 1987 y el Consell Metropolità de l'Horta, creado en 1986 para el ámbito de Valencia y 43 municipios de su entorno, fue disuelto en 1999, después de poco más de una década de vida precaria (en ambos casos los gobiernos metropolitanos fueron sustituidos por entes sectoriales de prestación de servicios). Dicha evolución podría explicarse, quizás, como el resultado de la renuencia de las administraciones autonómicas a compartir protagonismo político y administrativo con gobiernos metropolitanos fuertes (Sorribes; Romero, 2006). Sean cuales fueran sus razones, lo cierto es que en el año 2016 los gobiernos metropolitanos de carácter plurifuncional se reducen a dos: el Área Metropolitana de Barcelona, reestablecida en 2010, y el Área Metropolitana de Vigo, creada en 2012 [sic].*

*Desde el punto de vista institucional, las áreas metropolitanas se caracterizan, pues, por una gran fragmentación administrativa. Esto se debe no solo a que están integradas en todos los casos por un número mayor o menor de municipios, sino también a la presencia en ellas de múltiples niveles administrativos —distritos, municipios, comarcas, mancomunidades, comunidades autónomas, el propio Estado— así como un buen número de organismos sectoriales —autoridades del transporte, del agua, de gestión de residuos—. La ausencia de un sistema efectivo de gobierno metropolitano contrasta con la situación de otros países europeos —Francia, Reino Unido, Alemania, Italia— donde las entidades de representación, gestión y planificación gozan de mayor vigor (Hildenbrand, 2016). Esto supone notables costes para la ciudadanía: costes de eficiencia, debidos a la falta de coordinación de políticas; costes democráticos, derivados de las carencias de legitimidad democrática y transparencia de los órganos gestores; costes administrativos, resultado de la fragmentación y las redundancias; costes sociales, por la dificultad de llevar a cabo políticas redistributivas intra-metropolitanas; y costes institucionales, causados por la pérdida de capacidad de negociación y representación ante terceros (Nel-lo, 2005). (Nel-lo, 2017: 343-344)*

Finalmente, un derradeiro aspecto que fica por abordar é de que xeito se vertebra o sistema urbano español, é dicir, como as cidades se relacionan as unhas en relación coas outras e conforman «eixes urbanos», o que implica falar máis de *rede* ca de *sistema* (Vives e Paül, 2019). De novo, trátase dun aspecto de difícil medición e que pode dar lugar a interpretacións diversas non necesariamente coincidentes. En Vives e Paül (2019) e Paül et al. (2020) sostivemos como, de feito, os eixes ou corredores urbanos en moitas ocasións representados cartograficamente en Xeografía Urbana responden máis a aspiracións, ou a hipóteses, que ao funcionamento territorial. Xa Capel (1986) e Precedo (1988) ensaiaran algunhas cartografías neste senso. De entrada, escollemos dúas lecturas de comezos da década de 1990 para realizar unha síntese analítica: unha política (o PDI, *Plan Director de Infraestructuras* de 1993) e outra académica (Gutiérrez Puebla et al., 1993).

O primeiro punto de coincidencia é que ambas as dúas detectan a autonomía dun sistema urbano, o galego, que aparece afastado e non integrado co resto do territorio español, pero si co outro estado peninsular: Portugal. Esta constatación dun sistema urbano galego autónomo, que na bibliografía xeográfica galega se denomina «eixe atlántico», con continuidade alén do Miño cara ao sur, está presente desde hai anos nas obras de referencia producidas na Universidade de Santiago de Compostela, por exemplo, Lois (2004), Piñeira e Lois (2011) e Lois e Piñeira (2017), e é obxecto dunha consideración específica por parte de Paül et al. (2020).

O corredor urbano do noroeste ibérico foi investigado en varios estudos nas últimas tres décadas. Os académicos galegos (por exemplo, Lois, 2004a, 2004b) semellan estar máis atentos cós portugueses á súa configuración e convencidos dunha posíbel integración das cidades da Galiza occidental nas dinámicas do Norte de Portugal, nomeadamente aquelas exercidas pola área metropolitana do Porto. Pola contra, identificamos en Ferrão e Marques (2003) unha narrativa portuguesa que asume que o vencello entre as cidades galegas e portuguesas está a medrar, mais que existe un risco potencial para a integridade territorial do sistema urbano portugués. Interpretamos este parecer como o predominio do nacionalismo metodolóxico de acordo con Schiller e Glick (2002).

Ao tratar este corredor, a perspectiva dominante para explorar o seu alcance é morfolóxica, mentres có enfoque funcional está significativamente ausente. Un caso ilustrativo é Marques (2019), quen afirmou que o corredor urbano do noroeste ibérico non se evidencia cos datos de mobilidade, se ben recoñece que «unha análise máis complexa podería abranguer unha variedade máis ampla de indicadores» (p. 27-28). Neste sentido, poderían empregarse a serie dispoñíbel de Eures (2002-2019). Esta fonte amosa que os empregados transfronteirizos reais entre Galiza e o Norte de Portugal superan os 13.000 anuais, cifra que se recupera da devalada dos anos posteriores á crise financeira global iniciada en 2008 (antes desa crise a cifra era de máis de 20.000). Este tipo de indicadores deben ser considerados cando se trata de dilucidar en que medida existe un corredor urbano funcional no noroeste da Península Ibérica. Tal e como explica Taylor (1994), a existencia dunha fronteira estado-nacional é unha poderosa barreira mental, maioritariamente inconsciente, que comporta ignorar determinados procesos territoriais como as mobilidades transnacionais.

O corredor urbano do noroeste ibérico non se pode considerar equivalente ao «eixo atlántico», constantemente aludido, porque este último se adoita referir á asociación de concellos [Eixe Atlántico]. Porén, en moitas ocasións, sobre todo en Galiza, considéranse sinónimos. Curiosamente, esta asociación financiou publicacións académicas (por exemplo, Souto 1999; Souto et al. 2005) onde as cidades afiliadas son descritas como un conxunto real ou un único sistema urbano potencial, sobre a base de que a fronteira histórica fixo imposíbel a súa articulación até a consolidación das catro «liberdades» da UE do mercado único, incluída a libre circulación de persoas, a comezos dos anos 1990. Este «sistema urbano do eixo atlántico» podería abranguer o tecido urbano do corredor do noroeste ibérico e doutros concellos do interior. Neste senso, e contrariamente a [outros traballos sobre o sistema urbano do noroeste da Península Ibérica], Souto (1999) e Souto et al. (2005) semellan responder á necesidade de integraren todos os concellos reunidos na asociación [Eixe Atlántico] en lugar de caracterizaren con precisión un sistema urbano. Todo isto constitúe posíbelmente unha manifestación local da confusión habitual [en materia de relacións interurbanas entre as imaxes, dunha banda, e a realidade funcional, da outra]. Porén, a imaxe dun corredor (ou eixe) tivo un efecto poderoso, impulsado pola propia asociación Eixe Atlántico. A integración transfronteiriza é frecuentemente unha aspiración prospectiva en lugar dunha [evidencia obxectiva]. En efecto, cando Williams (1996: 96) analizou a «banana azul» proposta por Brunet (1989) indicou que «esta metáfora crea unha imaxe memorábel que simplifica e estrutura o pensamento das persoas sobre a estrutura territorial». Isto é coherente con outras nocións que xurdiron de analizar [criticamente propostas contidas noutros] documentos de ordenación de territorio, por exemplo, «xeografía anticipatorias» (Sparke 2000: 187), «xeografía

imaxinadas» (Häkli 2004: 62) e «espazos aspiracionais» (Deas e Lord 2006: 1863). (Paül et al., 2020: 32-33; tradución propia)

A proposta do PDI de 1993 non lle concede ao eixe urbano galego-portugués un rol central —Gutiérrez Puebla et al. (1993) núméro, de forma talvez convencional, como o primeiro— senón que claramente cartografía o eixe urbano mediterráneo, de Girona a Murcia, como o máis potente vertebrador do territorio español. A bibliografía española que coincide nesta constatación é innúmera, desde artigos académicos como López Ruiz e Calvo García-Tornel (1998) e documentos de base para o deseño de políticas territoriais como Generalitat Valenciana (1993) até ensaios máis ou menos reivindicativos escritos polo xeógrafo valenciano Boira (2010, 2021), pasando por manuais universitarios de Xeografía como Farinós (2002), Lois e Piñeira (2017) e Nel-lo (2017). Farinós (2002), curiosamente, categorizou o eixe mediterráneo como «o eixo de desenvolvemento», etiqueta que non lle concedeu a ningunha outra área de España: así, a Galiza e Andalucía denominounas «comunidades rurais atrasadas» artelladas internamente e «vencelladas ao interior peninsular»; os territorios cantábricos, «rexións industriais en declive»; e o interior peninsular, como «comunidades autónomas rurais fráxiles e desartelladas», cuxo único polo reitor sería Madrid.

En termos internacionais, o exitoso modelo da coremática de Roger Brunet polo cal se podería falar dun eixe mediterráneo europeo derivado da «banana azul» central (García Álvarez, 1998; Vives e Paül, 2019; Paül et al., 2020; ) fixo conectar o eixe mediterráneo español coas dinámicas continentais, aínda que, de novo, cómpre preguntarse até que punto se trata dunha aspiración ou dunha realidade territorial plausíbel. Así pois, pódese concluír con tal coincidencia de pareceres que o principal eixe urbano español é o mediterráneo. Porén, obsérvase unha falta de consenso sobre até onde cabe estendelo: se ben sempre é representado polo nordeste até Girona, entroncando con Francia,<sup>6</sup> polo suroeste ás veces circunscríbese ao sur do País Valenciano, noutras faise chegar até Murcia (cuxa eventual coalescencia con Alacant-Elx en termos de constituíren unha única conurbación ou realidade metropolitana é outro tema moi controvertido), até Almería e mesmo até Andalucía Occidental (ás veces, até o porto de Alxeciras, o de máis tráfico de España). A bibliografía de referencia incide en que este eixe padece unha infradotación infraestrutural de calado, de xeito que os investimentos en grandes obras públicas durante séculos tenderon a esquecer esta configuración axial e concentrarse case por norma na radialidade proxectada desde Madrid (Bel, 2010; Boira, 2021), que sería a súa antítese territorial.

O segundo eixe urbano que debuxa o PDI de 1993, pero do que carece Gutiérrez Puebla et al. (1993), é o do Ebro, formado entre as dúas grandes áreas de desenvolvemento industrial do século XIX e con Zaragoza como epicentro. Farinós (2002) considérao tamén un «eixo», aínda que non lle concede a categoría «de

<sup>6</sup> A articulación precisa da provincia de Girona co sistema urbano francés é outro asunto complexo. De feito, non se pode esquecer que existen traballos xeográficos que poñen o fincapé no funcionamento integrado das áreas urbanas de Girona, Figueres e Perpinyà/Perpignan (Paül et al., 2017), transgredindo as fronteiras internacionais. Novamente, entramos na cuestión, xa referida, de até que punto as fronteiras marcan os sistemas urbanos.

desenvolvemento». O mapa de Gutiérrez Puebla et al. (1993) foi reproducido, con adaptacións e ás veces sen citar a súa fonte, en moitos manuais de 2º de Bacharelato de Xeografía de España<sup>7</sup>. Precisamente unha adaptación habitual consistiu en introducir o «eixo do Ebro», mais a distancia existente entre o seu núcleo central, Zaragoza, e os outros —dos cales é autónomo e/ou dependente?— pon en dúbida que se poida falar estritamente dun corredor.

*[U]n buen número de autores y analistas regionales se han referido a la existencia de un corredor del Ebro que, desde tierras vascas hasta Cataluña, concentra el crecimiento urbano de una serie de comarcas interiores, con el fuerte desarrollo de Zaragoza como referente indiscutible del mismo. Sin duda, la posición equidistante de Zaragoza respecto a las regiones metropolitanas madrileña, barcelonesa y vasca ayuda a explicar que esta ciudad, muy atractiva en términos logísticos, se haya convertido en una de las más importantes de España (Alonso, Climent y Escalona, 2006).* (Lois e Piñeira, 2017: 443)

Os outros dous eixes que aparecen en Gutiérrez Puebla et al. (1993) están polo contrario ausentes no PDI de 1993: o eixe cantábrico e os eixes urbanos andaluces. No que fai ao primeiro, Lois e Piñeira (2017: 443) prefiren falar dun «eixo vasco-cántabro» consistente nunha continuidade entre as áreas metropolitanas de Santander, Bilbo e Donostia, con ramificacións cara a Gasteiz, Miranda de Ebro e mesmo Burgos —non citan Iruña/Pamplona—, e excluindo Asturias.<sup>8</sup>

En Andalucía, pola súa banda, prodúcese o debate territorial recorrente de se as dúas grandes áreas metropolitanas, Sevilla e Málaga, están (ou deben estar máis) artelladas entre si, ou máis ben posúen relacións por separado con Madrid (e que consecuencias ten isto para o territorio andaluz). De aí que no momento de euforia orzamentaria en grandes infraestruturas da «década prodixiosa» de Burriel (2008) —ou do «despilfarro» de Romero et al. (2018)— a Junta de Andalucía planificase e mesmo comezase as obras dun tren de alta velocidade transversal que permitise comunicar Sevilla con Málaga e con Granada, para contrarrestar as conexións desta tres áreas directamente con Madrid.<sup>9</sup>

Os outros eixes urbanos que o PDI de 1993 debuxaba radialmente desde Madrid semellan máis produto dunha vontade de xustificar as grandes obras de infraestrutura que ese plan deseñaba desde a capital cara á periferia ca unha constatación territorial real. O mapa de Puebla et al. (1993) é neste punto posibelmente máis acertado

<sup>7</sup> Resulta obvio que moitos mapas de manuais se basean en Gutiérrez Puebla et al. (1993: 539). Como exemplo pódense consultar mapas que aparecen nas páxinas web seguintes: <https://geoanacob.wordpress.com/2018/01/30/mapa-jerarquia-urbana-practica-resuelta/> e <https://www.flickr.com/photos/8449304@N04/3626468832> (Consultadas o 27/12/2021).


<sup>8</sup> Como nunha anterior nota ao pé, non se pode desbotar a continuidade deste eixe dentro do territorio francés, en particular cara a Baiona/Bayonne, Angelu/Anglet e Biarritz (Trillo et al., 2021). Esta continuidade reflectiuse institucionalmente na chamada «eurocidade vasca», partillada entre a área de Donostia e a conurbación litoral vascofrancesa.

<sup>9</sup> Unha explicación deste proxecto pódese atopar en [http://www.aopandalucia.es/principal.asp?alias=actuaciones\\_et&zona=Actuaciones&t=0](http://www.aopandalucia.es/principal.asp?alias=actuaciones_et&zona=Actuaciones&t=0) (Consulta o 27/12/2015). Nestes momentos, está «enterrado», de acordo cunha decisión tomada polo Goberno andaluz en 2014; a tal efecto, véxase: [http://www.eldiario.es/andalucia/crisis-enterro-AVE-andaluz\\_0\\_254424951.html](http://www.eldiario.es/andalucia/crisis-enterro-AVE-andaluz_0_254424951.html) (Consulta o 27/12/2015).

e coincide neste extremo cunha interpretación moi difundida a nivel global nos últimos anos, a de Florida (2008), que reduce as realidades urbanas españolas a tres conxuntos: a galego-portuguesa (que el denomina «Lisboa»), o eixe mediterráneo europeo («Barce- Lyon») e Madrid.<sup>10</sup> A simplificación é evidente, amais de ametódica (Vives e Paül, 2019), mais xa se comentou que, no que fai aos sistemas urbanos, a dimensión interpretativa adoita primar.

A modo de síntese, Lois e Piñeira (2017) e Nel-lo (2017) coinciden en sinalar que en España se produce unha dialéctica entre, por unha banda, a articulación radial do sistema urbano, que afunde as súas raíces nas decisións tomadas no reinado de Carlos III, e pola outra, a interpretación que subliña a forza dos corredores litorais, e algúns —poucos e non sempre claros— transversais que cruzan o interior peninsular: o eixe do Ebro, xa referido; o Irún-Aveiro (?); etc. Lois e Piñeira (2017: 429, 436, 445) poñen o fincapé en que se trata de dúas formas de interpretar o mesmo territorio, cuxa «síntese ou mestura» resulta ambigua. Nel-lo (2017), pola súa banda, insiste en que a litoralización da poboación española motiva que o sistema urbano español funcione por corredores litorais, o que se contrapón ás políticas do Estado, radiais. En todo caso, nas representacións que se prodigan por Internet na sociedade dixital na que vivimos inmersas [Figura 7], reflíctense arreo estes modelos, sen que, cómpre subliñalo por derradeira vez, estean fundamentadas nun estudo serio da Xeografía Urbana de España.

Figura 7. Unha representación recente da organización do territorio español



Fonte: <https://elordenmundial.com/mapas-y-graficos/mapa-de-la-economia-espanola/> (Consulta o 27/12/2021).

<sup>10</sup> O mapa europeo atópase en Internet en [https://creativeclass.com/whos-your-city/maps/#Mega-%20Regions\\_of\\_Europe](https://creativeclass.com/whos-your-city/maps/#Mega-%20Regions_of_Europe) (Consulta o 27/12/2021).

## METODOLOXÍA, RECURSOS E ACTIVIDADES

---

Esta temática do sistema urbano e as áreas metropolitanas españolas desenvólvese en seis horas (catro expositivas e dúas interactivas) distribuídas en dúas semanas, que se imparten na segunda quincena de novembro, segundo o calendario universitario en vigor na USC para o ano académico 2021/2022. Para a organización desta unidade didáctica requírense os equipos informáticos e de proxección dispoñíbeis nas aulas da Facultade para a presentación dos materiais gráficos de apoio para o intercambio entre docentes e alumnado. Nas sesións interactivas tamén se precisa que os estudantes empreguen programas informáticos de análise estatística e representación gráfica e cartográfica ou de SIX (Sistemas de Información Xeográfica). Deste xeito, prevese a reserva dunha das aulas de informática da Facultade de Xeografía e Historia para as dúas horas interactivas. Ademais deste tempo de docencia e o tempo de titorías, o alumnado precisa dedicar, de media, un tempo equivalente ao das horas de clase para a revisión dos aspectos teóricos e a preparación das actividades da parte interactiva.

Esta unidade didáctica emprega dúas abordaxes docentes principais nas catro sesións planificadas. Por unha banda, as aulas de tipo expositivo, que se combinan con métodos activos, os cales comportan unha implicación por parte do alumnado. Isto aplícase a través da interrogación a partir de recursos documentais, estatísticos, gráficos e cartográficos. Deste xeito, a aula expositiva realízase seguindo unha explicación dos principais conceptos e ideas teóricas que estruturan os contidos, xunto con series de preguntas sobre a base de diferentes materiais. Os planos, mapas, táboas de datos e outra representacións gráficas de cidades, redes e sistemas urbanos empréganse como ferramentas de análise, de comentario crítico e de debate. A isto engádesse o uso de extractos de documentos chave da disciplina para fomentar unha actitude proactiva por parte do alumnado. As páxinas anteriores desta unidade didáctica achegaron unha escolma de todos estes materiais (textuais e gráficos) a mobilizarmos. Deste xeito, requírese unha vontade de participación activa e continuada do alumnado durante a explicación teórica.

Por outra banda, nas aulas estritamente de tipo interactivo desenvólvense especificamente as habilidades, primeiro, de manexo de fontes, sobre todo de tipo bibliográfico, a partir da gran cantidade de publicacións producidas sobre a Xeografía Urbana de España. Asemade, nestas aulas aplícase un método activo de adquisición de habilidades no tratamento e na análise estatística e cartográfica. Así faise un percorrido guiado e conxunto co alumnado sobre o tratamento, a análise e a representación de información xeográfica dun subconxunto de cidades e áreas metropolitanas. Nun segundo momento requírese a aplicación dese mesmo proceso para outros territorios coa asistencia do docente para a resolución de dúbidas en caso de dificultades. Nestas aulas interactivas tamén se emprega o método de clase invertida, a partir dun traballo en grupos reducidos de estudantes. Este segundo grupo de métodos docentes aplicados á aula interactiva pretende, ante todo, que o alumnado sexa quen de explorar de xeito autónomo a información xeográfica, de coñecer os avances experimentados no coñecemento xeográfico da España urbana e de desenvolver unha perspectiva crítica sobre os distintos materiais existentes. As

dúas abordaxe docentes, expositiva e interactiva, non están dissociadas, senón que se complementan e se retroalimentan.

Nesta unidade didáctica, as actividades das sesións interactivas teñen especial repercusión metodolóxica, co cal son obxecto dunha explicación máis pormenorizada. O principal grupo de actividades das aulas interactivas dedícase á aplicación de análises e interpretacións de sistemas urbanos, partindo de datos estatísticos e gráficos de acceso libre e previamente construídos (por exemplo, [Táboas 2 e 3]). Concretamente, realízanse actividades de análise do sistema urbano a partir da elaboración de indicadores coma o índice de primacía e a regra rango-tamaño para o sistema urbano español. Isto será posíbel grazas ao establecemento dunha comparación dos datos das principais cidades españolas con outros territorios, como tamén de datos de diferentes períodos históricos para ver a súa evolución no tempo. O alumnado é guiado na análise dalgunhas das principais cidades españolas individualmente e aplican a mesma análise para as áreas urbanas e metropolitanas españolas, desta volta, en grupos reducidos.

Unha segunda parte da actividade consiste en facer un xogo serio a partir de datos estatísticos espazalizados dos sistemas e redes urbanas. Pártese dos grupos de estudantes constituídos previamente, e cada cal destes equipos terá que escoller unha área urbana e un subsistema ou rede de cidades. Teñen que explicar a evolución recente no tempo do subsistema rexional ou rede escollida, así como elaborar unha estratexia territorial axeitada á súa realidade territorial. Seguindo unha metodoloxía de aula invertida, deben presentar brevemente os resultados das súas análises, e defenderen as súas estratexias apoiándose en indicadores estatísticos e nos documentos gráficos e cartográficos producidos por eles ou por outros autores.

Deste xeito, na aula interactiva, aplícase un modalidade de metodoloxía de ludificación baseada nos xogos de rol e nos chamados xogos serios, na cal cada grupo de estudantes debe asumir a posición de experto e representante público no eido da ordenación do territorio. Deste xeito, a parte final da actividade debe ser un debate entre os representantes dos diferentes grupos de estudantes. O obxectivo de cada equipo é convencer a maioría da aula para obter a meirande parte das partidas orzamentarias específicas requiridas para poñer en funcionamento a súa estratexia, coma se se tratase dunha reunión do goberno autonómico e estatal que define as políticas e proxectos estratéxicos de ordenación dos seus espazos urbanos. Esta actividade leva o estudantado a ter que construír e empregar indicadores xeográficos obxectivos que permitan a defensa pública da idoneidade das súas estratexias para o territorio que escolleron, seguindo uns principios e fundamentos coherentes para o conxunto do territorio español nun contexto de escaseza de recursos públicos. A compoñente de inmersión lúdica debe motivar e estimular o estudantado para a elaboración de argumentos e de indicadores convincentes para o docente e para o resto do alumnado.

## AVALIACIÓN

---

Esta unidade didáctica propón unha avaliación do alumnado considerando a progresión da materia de Xeografía de España no seu conxunto e ten en conta, polo tanto, o proceso de adquisición das competencias por parte do estudantado e a obtención dos obxectivos establecidos previamente. Os principais instrumentos para a avaliación por parte do profesorado son, por unha banda, un diario de observacións no cal se indican as principais interaccións do alumnado e dos grupos constituídos, entre eles e co profesor, precisando a calidade formal e de contido da súa participación. Ademais, emprégase unha rúbrica derivada da correspondente ao conxunto da materia, que recolle indicadores directamente vencellados cos criterios avaliadores da unidade didáctica e o nivel ou grao potencial de cumprimento dos mesmos. Estes criterios de avaliación refírense, de xeito equilibrado, tanto a aspectos formais, como de contidos. Por unha banda, entre os criterios referidos ao contido, aparecen: a contextualización e a explicación axeitada dos obxectivos e das ideas principais con respecto aos territorios urbanos ou ás temáticas da xeografía urbana española tratadas; a mobilización de conceptos e referencias bibliográficas e a construción e o uso axeitado de materiais de diferente natureza e escala; a calidade argumentativa; e a capacidade de relación de ideas e de distanciamento crítico. Por outra banda, os criterios formais vencéllanse con aspectos tales como: a estruturación formal das elaboracións do estudantado; a adecuación e a eficacia formal dos materiais gráficos e cartográficos producidos e empregados; e a claridade, corrección e calidade das presentacións orais e escritas sobre as temáticas urbanas consideradas.

Tendo en conta os instrumentos indicados, a avaliación está composta de dúas grandes compoñentes: a avaliación continua, que representa a parte proporcional correspondente da unidade didáctica do 40 % da cualificación da materia (1/8, tendo en conta que se trata dun dos temas aos que se destinan 4 horas expositivas, mentres que noutros hai só 1 ou 2 horas); e a avaliación final, que representará a mesma parte do restante 60 % desa cualificación global. A avaliación continua ten en conta a participación nas clases durante o desenvolvemento desta unidade didáctica. Neste senso, o comentario crítico individual e o debate con respecto aos principais textos e documentos cartográficos sobre o proceso de urbanización e a morfoloxía urbana en España, constitúe un terzo da nota desta compoñente de avaliación. Os restantes dous terzos da avaliación continua correspondente están conformados polo desempeño na actividade grupal proposta nas aulas interactivas seguindo os criterios da rúbrica. Téñense en conta as elaboracións orais e tamén a produción material para o xogo de rol. Pola súa parte, a compoñente de avaliación final consiste nunha proba escrita que permite mesturar preguntas sobre os principais contidos e exercicios de aplicación práctica, coa finalidade de medir o grao de adquisición das competencias e dos obxectivos establecidos inicialmente. A rúbrica e os criterios de avaliación serven como guía para este proceso avaliador, que ten a vontade de ser continuo. Nas dúas compoñentes principais deste proceso, está especialmente valorada a aproximación reflexiva e crítica.



No que fai á avaliación da docencia, planéase unha enquisa de satisfacción anónima que se distribúa entre o estudantado da materia nas derradeiras semanas do semestre. Dentro das cuestións formuladas, entre unha e dúas preguntas fan referencia á percepción do alumnado con respecto ás actividades, á organización dos contidos e aos métodos de ensino empregados especificamente nesta unidade didáctica.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- BASURTO, N.; MARZANA, J. E SANTANA, A. (1994): «Bilbao», en Guàrdia, M.; Monclús, F. J. e Oyón, J. L. (dirs.): *Atlas histórico de ciudades europeas. Península Ibérica*. Barcelona: Centre de Cultura Contemporània de Barcelona/Salvat, pp. 210-237.
- BEL, G. (2010): España, capital París. Origen y apoteosis del Estado radial: del Madrid sede cortesana a la «capital total». Barcelona: Destino.
- BOIRA, J. V. (2010): La Commonwealth catalano-valenciana. La formació de l'eix mediterrani al segle XX. Barcelona: Columna.
- (2021): La Via Augusta del segle XXI. El corredor del mediterrani contra l'Espanya radial. Barcelona: Pòrtic.
- BRANDIS, D. (2012a): «Los grandes desarrollos residenciales de la periferia de Madrid: de la burbuja a la crisis inmobiliaria», en Delgado, C.; Juristi, J. e Tomé, S. (eds.): *Ciudades y paisajes urbanos en el siglo XXI*. Santander: Estvdio, pp. 241-261.
- (2012b): «El estancamiento de los últimos desarrollos urbanos de la periferia madrileña. Crisis inmobiliaria y estrategias de ordenación», en Miramontes, Á.; Royé, D. e Vila, J. I. (coords.): *Las ciudades y el sistema urbano. Reflexiones en tiempos de crisis*. [s.l.]: Meubook, pp. 111-120.
- BURRIEL, E. L. (2008): «La “década prodigiosa” del urbanismo español (1997-2006)», *Scripta Nova. Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*, 270 (64). Dispoñíbel en: <http://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-270/sn-270-64.htm> (Consulta o 27/12/2015).
- CAPEL, H. (1986): «El poblamiento urbano», en Terán, M. de; Solé Sabarís, L. e Vilà, J. (1987): *Geografía general de España*. Barcelona: Ariel, pp. 293-302.
- DELGADO, C. (2008): «“Urbanización sin fronteras”. El acoso urbanístico a los espacios naturales protegidos», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 47: 271-310. Dispoñíbel en: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3093618> (Consulta o 27/12/2015).
- FARINÓS, J. (2002) ( coord.): *Geografía regional d'Espanya. Una nova geografia per a la planificació i el desenvolupament regional*. València: Universitat de València.
- FERIA, J. M. (2004): «Problemas de definición de las áreas metropolitanas en España», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 38: 85-100. Dispoñíbel en: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1079120> (Consulta o 27/12/2015).

- (2008): «Un ensayo metodológico de definición de las áreas metropolitanas en España a partir de la variable residencia-trabajo», *Investigaciones geográficas*, 46: 49-68. Disponible en: <http://revistes.ua.es/ingeo/article/view/1643/3286> (Consulta o 27/12/2015).
- E MARTÍNEZ BERNABÉU, L. (2016): «La definición y delimitación del sistema metropolitano español: permanencias y cambios entre 2001 y 2011», *Ciudad y Territorio*, 187: 9-24. Disponible en: <https://recyt.fecyt.es/index.php/CyTET/article/view/76461/46801> (Consulta o 27/12/2021).
- FERNÁNDEZ SALINAS, V. M. (2003): «La ciudad histórica andaluza: su origen, conformación y características actuales», en López Ontiveros, A. (coord.): *Geografía de Andalucía*. Barcelona: Ariel, pp. 384-431.
- FERRER, A. E SABATÉ, J. (1999): «L'urbanisme municipal a Catalunya (1979-1999)», *Papers. Regió Metropolitana de Barcelona*, 32: 9-18. Disponible en: <http://www.iermb.uab.es/htm/descargaBinaria.asp?idRevArt=53> (Consulta o 27/12/2015).
- FLORIDA, R. (2008): *Who's Your City?: How the Creative Economy Is Making Where You Live the Most Important Decision of Your Life*. New York: Basic Books.
- FOX-ROGERS, L. (2019): «The Dark Side of Community. Clientelism, Corruption and Legitimacy in Rural Planning», en Scott, M.; Gallent, N. e Gkartzios, M. (eds.): *The Routledge Companion to Rural Planning*. London: Routledge, pp. 142-151.
- GARCÍA ÁLVAREZ, J. (1998): «La coremática y la nueva geografía regional francesa», *Ería: Revista cuatrimestral de geografía*, 45: 5-36. Disponible en: <http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/34869.pdf> (Consulta o 27/12/2015).
- (2009): «Geografía, política y territorio en la España de las Autonomías: un intento de balance y una agenda de exploración futura», en Feria, J.M.; García García, A. e Ojeda, J. F. (eds.): *Territorios, sociedades y políticas*. Sevilla/Madrid: Universidad Pablo de Olavide/Asociación de Geógrafos Españoles, pp. 457-480.
- GARCIA ESPUCHE, A. (1998): *Un siglo decisivo. Barcelona y Cataluña 1550-1640*. Madrid: Alianza.
- ET AL. (1994): «Barcelona», en Guàrdia, M.; Monclús, F. J. e Oyón, J. L. (dirs.): *Atlas histórico de ciudades europeas. Península Ibérica*. Barcelona: Centre de Cultura Contemporània de Barcelona/Salvat, pp. 62-93.
- GENERALITAT DE CATALUNYA (1995): *Pla territorial general de Catalunya*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- GENERALITAT VALENCIANA (1993): *Arc mediterrani espanyol. Eix europeu de desenvolupament*. València: Generalitat Valenciana.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J. (coord.) (2018): «Asentamientos humanos» en Sancho Comíns, J. (dir.): *España en mapas. Una síntesis geográfica*. Madrid: Centro Nacional de Información Geográfica, pp. 203-226.
- GUTIÉRREZ PUEBLA, J.; MÉNDEZ, R. E MOLINERO, F. (1993): «Los caracteres del poblamiento», en Méndez, R. e Molinero, F. (coords.): *Geografía de España*. Barcelona: Ariel, pp. 534-601.

- HARVEY, D. (2005): *A Brief History of Neoliberalism*. Oxford: Oxford University Press. [Tradución ao español: HARVEY, D. (2007): *Breve historia del neoliberalismo*. Madrid: Akal.]
- JACOBS, J. (1969): *The Economy of Cities*. New York: Random House. [Tradución ao español: JACOBS, J. (1975): *La economía de las ciudades*. Barcelona: Edicions 62.]
- LOIS, R. C. (2004): «Estructura territorial de Galicia», en Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local*. Santiago de Compostela: IDEGA, vol. I, pp. 101-160.
- (2009): «La geografía y el análisis territorial en España: argumentos para la reflexión», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 50: 7-42. Disponible en: <https://bage.age-geografia.es/ojs/index.php/bage/article/view/1114/1037> (Consulta o 26/12/2021).
- E PIÑEIRA, M. J. (2017): «El modelo territorial y urbano resultante. Un sistema urbano metropolitano y policéntrico más formal que funcional activo», en Farinós, J. e Olcina, J. (eds./coords.): *Geografía Regional de España. Espacios y comunidades. Bases para una regionalización renovada del territorio español*. Universitat de València/Tirant Humanidades, pp. 427-07.
- ; PIÑEIRA, M. J. E VIVES, S. (2016): «The Urban Bubble Process in Spain: An Interpretation from the Theory of the Circuits of Capital», *Journal of Urban and Regional Analysis*, 8(1): 5-20. Disponible en: [http://www.jurareview.ro/resources/pdf/volume\\_17\\_the\\_urban\\_bubble\\_process\\_in\\_spain:\\_an\\_interpretation\\_from\\_the\\_theory\\_of\\_the\\_circuits\\_of\\_capital\\_abstract.pdf](http://www.jurareview.ro/resources/pdf/volume_17_the_urban_bubble_process_in_spain:_an_interpretation_from_the_theory_of_the_circuits_of_capital_abstract.pdf) (Consulta o 27/12/2021).
- LÓPEZ HERNÁNDEZ, I. E RODRÍGUEZ LÓPEZ, E. (2010): *Fin de ciclo. Financiarización, territorio y sociedad de propietarios en la onda larga del capitalismo hispano (1959-2010)*. Madrid: Traficantes de Sueños. Disponible en: [https://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/Fin%20de%20ciclo-Traficantes%20de%20Sue%C3%B1os\\_0.pdf](https://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/Fin%20de%20ciclo-Traficantes%20de%20Sue%C3%B1os_0.pdf) (Consulta o 27/12/2021).
- LÓPEZ RUIZ, J. M. G. E GARCÍA CALVO-TORNEL, F. (1998): «El comportamiento del arco mediterráneo español como eje de crecimiento», *Papeles de Geografía*, 28: 91-107. Disponible en: <http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/105586.pdf> (Consulta o 27/12/2015).
- MINISTERIO DE FOMENTO (2005): *PEIT: Plan estratégico de infraestructuras y transporte 2005- 2020*. Madrid: Ministerio de Fomento. Disponible en: [http://www.fomento.gob.es/mfom/lang\\_castellano/\\_especiales/peit/](http://www.fomento.gob.es/mfom/lang_castellano/_especiales/peit/) (Consulta o 27/12/2015).
- MONCLÚS, F. J. (1994): «Zaragoza», en Guàrdia, M.; Monclús, F. J. e Oyón, J. L. (dirs.): *Atlas histórico de ciudades europeas. Península Ibérica*. Barcelona: Centre de Cultura Contemporània de Barcelona/Salvat, pp. 238-265.
- MUÑOZ, F. (2007): «La producción residencial de baja densidad en la provincia de Barcelona (1985-2001)», en Indovina, F. (coord.): *La ciudad de baja densidad. Lógicas, gestión y contención*. Barcelona: Diputació de Barcelona, pp. 51-83.
- (2008): *Urbanalización. Paisajes comunes, lugares globales*. Barcelona: Gustavo Gili.

- MURADO, M. A. (2013): *La invención del pasado. Verdad y ficción en la Historia de España*. Barcelona: Debate.
- NEL-LO, O. (2001): «Las áreas metropolitanas», en Gil Olcina, A. e Gómez Mendoza, J. (coords.): *Geografía de España*. Barcelona: Ariel, pp. 275-298.
- (2017): «El proceso de urbanización: motor y expresión de las transformaciones sociales y territoriales», en Romero, J. (coord.): *Geografía humana de España. Curso de introducción*. València: Universitat de València/Tirant Humanidades, pp. 289-366.
- E MUÑOZ, F. (2007): «El proceso de urbanización», en Romero, J. (coord.): *Geografía humana. Procesos, riesgos e incertidumbres en un mundo globalizado*. Barcelona: Ariel, pp. 275-354.
- NORDREGIO (coord.) (2005): *ESPON 111. Potentials for Polycentric Development in Europe*. Luxembourg/ Stockholm: ESPON/Nordregio. Disponible en: [http://www.espon.eu/export/sites/default/Documents/Projects/ESPON2006Projects/ThematicProjects/Polycentricity/fr-1.1.1\\_revised-full.pdf](http://www.espon.eu/export/sites/default/Documents/Projects/ESPON2006Projects/ThematicProjects/Polycentricity/fr-1.1.1_revised-full.pdf) (Consulta o 27/12/2015).
- OBSERVATORIO METROPOLITANO (2007): Madrid: ¿la suma de todos? Globalización, territorio, desigualdad. Madrid: Traficantes de Sueños. Disponible en: <http://sindominio.net/traficantes/libros/observatorio-completo2.pdf> (Consulta o 27/12/2015).
- PAÜL, V. (2006): *L'ordenació dels espais agraris metropolitanos. Plans, gestió i conflictes territorials a la regió de Barcelona*. Barcelona: Universitat de Barcelona. [Tese doutoral inédita]
- (2010): «El cambio de los usos agrarios del suelo en el actual ámbito metropolitano de Barcelona (del siglo XVIII a la actualidad)», *Investigaciones Geográficas*, 53: 145-188. Disponible en: <http://revistes.ua.es/ingeo/article/view/1722/3444> (Consulta o 26/12/2015).
- ET AL. (2017): «La participación española en la cooperación transfronteriza y territorial europea», en Farinós, J. e Olcina, J. (eds./coords.): *Geografía Regional de España. Espacios y comunidades. Bases para una regionalización renovada del territorio español*. Universitat de València/Tirant Humanidades, pp. 619-677.
- ; TRILLO, J.M. E VILA, J.I. (2020): «An Omitted Cross-Border Urban Corridor on the North-Western Iberian Peninsula?», en Santos, H. et al. (eds.): *Science and Technologies for Smart Cities*. Cham: Springer, pp. 27-35.
- PIÑEIRA, M. J. E LOIS, R. C. (2011): «A rede urbana e a rápida urbanización do territorio», en Piñeira, M. J. e Santos, X. M. (coords.): *Xeografía de Galicia*. Vigo: Xerais, pp. 157- 227.
- PRECEDO, A. (1988): *La red urbana*. Madrid: Síntesis.
- PRIETO, F. (coord.) (2014): *Sostenibilidad en España 2014*. Madrid: Observatorio de la Sostenibilidad/Universidad Politécnica de Madrid. Disponible en: <http://www.observatoriosostenibilidad.com/sostenibilidad-en-espana-2014/> (Consulta o 27/12/2015).
- QUIRÓS, F. E TOMÉ, S. (2001): «El proceso de urbanización: las ciudades», en Gil Olcina, A. e Gómez Mendoza, J. (coords.): *Geografía de España*. Barcelona: Ariel, pp. 251- 274.

- REHER, D. S. (1994): «Ciudades, procesos de urbanización y sistemas urbanos en la Península Ibérica, 1550-1991», en Guàrdia, M.; Monclús, F. J. e Oyón, J. L. (dirs.): *Atlas histórico de ciudades europeas. Península Ibérica*. Barcelona: Centre de Cultura Contemporània de Barcelona/Salvat, pp. 1-29.
- ROCA, F. (1979): *Política econòmica i territori a Catalunya, 1901-1939*. Barcelona: Ketres.
- RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ, F. E MENÉNDEZ FERNÁNDEZ, R. (1999): «La Ciudad Astur: un espacio-proyecto en el Arco Atlántico», *Ería*, 50: 265-278. Disponible en: <http://www.uniovi.es/reunido/index.php/RCG/article/viewFile/1328/1245> (Consulta o 26/12/2015).
- RODRÍGUEZ LESTEGÁS, F. (2015): «A cidade de Lugo: dous mil anos de desenvolvemento urbano», en Lois, R. C. e Pino, D. del (eds.): *A Galicia urbana*. Vigo: Xerais, pp. 513- 535.
- ROMERO, J. ET AL. (2018): «Aproximación a la Geografía del despilfarro en España: balance de las últimas dos décadas», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 77: 1-51. Disponible en: <https://bage.age-geografia.es/ojs/index.php/bage/article/view/2628/2453> (Consulta o 27/12/2021).
- SOJA, E. W. (2000): *Postmetropolis. Critical Studies of Cities and Regions*. Blackwell: Los Ángeles. [Traducción ao español: SOJA, E. W. (2008): *Postmetrópolis. Estudios críticos sobre las ciudades y las regiones*. Madrid: Traficantes de Sueños. Disponible en: <http://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/Postmetr%C3%B3polis-TdS.pdf> (Consulta o 26/12/2015).]
- SOLÀ-MORALES, M. DE (1997): *Las formas del crecimiento urbano*. Barcelona: Universitat Politècnica de Catalunya.
- SOLÍS, E. (2008): «El horizonte urbano madrileño: más allá de la región político-administrativa», *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, 28(1): 133-162. Disponible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/AGUC/article/view/32006> (Consulta o 27/12/2015).
- TERÁN, F. DE (1982): *Planeamiento urbano en la España contemporánea (1900/1980)*. Madrid: Alianza.
- TRILLO, J. M.; PAÜL, V. E VILA, R. (2021): «Two Generations of Eurocities Along the Northern Section of the Spanish-Portuguese Border», en Mikhailova, E. e Garrard, J. (eds.): *Twin Cities Across Five Continents. Interactions and Tensions on Urban Borders*. London/New York: Routledge, pp. 104-117.
- VILA, J. I.; TRILLO, J. M. E PAÜL, V. (2015): «La recomposition des échelles territoriales en Galice (Espagne) : enjeu économique ou alibi idéologique ?», *Espaces et sociétés*, 160- 161: 115-133.
- VIVES, S. E PAÜL, V. (2019): «Las transformaciones de los sistemas y de los espacios urbanos europeos», en López Palomeque, F. e Plaza, J. I. (coords.): *Geografía de Europa. Estructuras, procesos y dinámicas territoriales*. València: Universitat de València/Tirant Humanidades, pp. 205-271.
- ZOIDO, F. (2012): «Paisaje urbano. Aportaciones para la definición de un marco teórico, conceptual y metodológico», en Delgado, C.; Juristi, J. e Tomé, S. (eds.): *Ciudades y paisajes urbanos en el siglo XXI*. Santander: Estvdio, pp. 13-91.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA